

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día trinta de novembro de dous mil doce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Os deputados do Grupo Socialista don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, ausentáronse da sesión cando se iniciaba a votación correspondente ó punto quinto da orde do día.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE OUTUBRO 2012.-

O Sr. presidente preguntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de outubro de 2012, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DA TAXA POR

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DOS MUNICIPIOS DA COMARCA DE VALDEORRAS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que van votar a favor porque así o acordaron unanimemente os concellos da comarca.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acepta-la delegación de competencias nesta Deputación, que acordou a Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras, na sesión do 20 de novembro de 2012, para o exercicio da totalidade das súas competencias en materia de xestión tributaria e recadación da taxa polo servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da Comarca de Valdeorras, con efectos do 1 de xaneiro de 2013. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

3º.- PLAN ESPECIAL DE COOPERACIÓN COAS AGRUPACIÓNS DE MUNICIPIOS DE “BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS E MUÍÑOS” E “LAROUCO, PETÍN, A RÚA E VILAMARTÍN DE VALDEORRAS”, PARA A EXECUCIÓN DE CENTROS DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que votarán a favor.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que votarán a favor. Roga que se hai un cronograma (ou algo parecido) se lles dea a coñecer, porque o seu grupo presentou unha iniciativa nese sentido na pasada legislatura e hai comarcas que teñen unha necesidade urxente da creación de canceiras.

O Sr. presidente di que toma nota do rogo e lembra que o plan de canceiras figura como un dos obxectivos do Plan Ourense 92 para xullo de 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan especial de cooperación coas agrupacións de municipios de “Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños” e “Larouco, Petín, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras”, para a execución de centros de recollida de animais abandonados, co seguinte contido:

A.- Obxecto.-

Constitúe o obxecto do presente Plan especial establece-lo marco de cooperación financeira entre a Deputación Provincial de Ourense e as agrupacións de municipios de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños (representada polo Concello de Muíños) e Larouco, Petín, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras (representada polo Concello da Rúa) para a execución dos centros de recollida de animais abandonados das comarcas da Baixa Limia e Valdeorras, segundo a definición das ditas obras contida nos anteproxectos redactados polo Servizo de Augas e Medio Ambiente desta Deputación Provincial.

B.- Financiamento.-

En virtude do presente plan a Deputación Provincial de Ourense colaborará no financiamento das obras de referencia mediante a achega, con cargo ós orzamentos do exercicio 2013, na dita anualidade na cantidade de 48.214,40 euros para cada unha das instalacións, cunha achega total de 96.428,80 euros.

C.- Contratación e execución das obras.-

A contratación e execución das obras corresponderalles ós concellos de Muíños e A Rúa, en representación das agrupacións intermunicipais respectivas. A dita contratación deberá levarse a cabo de conformidade co establecido na vixente lexislación de contratos do sector público, e nos prazos e condicións establecidos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) na resolución do 8 de outubro de 2012 (DOG n.º 198, do 17 de outubro).

A redacción do proxecto de execución e a dirección facultativa das obras será realizada por funcionarios da Área de Infraestruturas e Servizos da Deputación.

D.- Libramento da achega provincial.-

A Deputación Provincial libraralles ós concellos executantes o 50% da súa achega no mes de xaneiro de 2013, trala acreditación previa por parte dos concellos da adxudicación do contrato

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

das obras. O 50% restante librarase unha vez presentada a certificación final de obra, debidamente aprobada, no prazo máximo dun mes.

E.- Utilidade pública das obras.-

As obras incluídas no presente plan decláranse de utilidade pública para os efectos expropiatorios, ó abeiro do establecido no artigo 9 da Lei de expropiación forzosa.

F.- Réxime supletorio.-

No non previsto no presente Plan especial, serán de aplicación as normas sobre xustificación de gastos subvencionados establecidos na Lei xeral de subvencións, e, en particular, as relativas ó control financeiro do uso das axudas concedidas.

2º.- Someter a información pública, mediante anuncio publicado no BOP, o presente plan por un prazo de dez días hábiles durante o que os interesados poderán formula-las alegacións, reclamacións e suxestións que estimen pertinentes, as cales, se é o caso, serán resoltas por parte do Pleno. En caso de non presentarse alegacións no dito prazo o Plan especial entenderase definitivamente aprobado.

4º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE CESIÓN DE USO DA ÁREA DE SERVIZO DO ENCORO DE SAN ESTEVO Ó CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que el non estivo na comisión de referencia e o representante do seu grupo votou a favor nesa comisión co condicionante de que se cumprisen os prazos. A súa intención era votar abstención por outras cuestións, pero van mante-lo voto favorable.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Modifica-la cláusula cuarta do convenio suscrito o 15 de febreiro de 2007, para a cesión do uso da área de servizo do embarcadoiro de San Estevo, propiedade da Deputación, ó concello de Nogueira de Ramuín, no sentido de poder prorrogala cesión por 15 anos consecutivos e non por quinquenios como se recollía no citado convenio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

2º.- Modifica-la cláusula oitava do convenio suscrito o 15 de febreiro de 2007, cuxa redacción quedaría como segue:

A cesión quedará condicionada a que polo Concello de Nogueira de Ramuín se presente ante a Deputación Provincial de Ourense, no prazo de tres meses desde a sinatura do convenio, un plan das actuacións que se realizarán nas instalacións obxecto de cesión, especificando as condicións xerais en que se realizará o proceso para a súa explotación.

En todo caso, o dereito real de uso extinguirase se no prazo máximo dun ano desde a subscripción do convenio non se iniciase a explotación das instalacións cedidas. Procederá igualmente a reversión nos supostos en que a explotación se paralice sen unha causa xustificativa durante un período de máis de seis meses.

3º.- Concederlle ó Concello de Nogueira de Ramuín a prórroga da cesión do dereito real de uso das instalacións polo prazo de 15 anos.

4º.- Facultar á Presidencia para a sinatura dun novo convenio de cesión, no que se deberá facer constar que o dereito real de uso das instalacións reverterá a favor da Deputación Provincial de Ourense unha vez finalizado o prazo de 15 anos sinalado e nos supostos recollidos na cláusula oitava.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA EN CONTRA DOS DESAFIUZAMENTOS POR MOTIVOS ECONÓMICOS.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e seguidamente cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pensa que os primeiros culpables desta crise, que afecta a moitas familias e afectará a moitas máis se non se pon remedio, son os xestores dos bancos. Esta situación actual é moi distinta á dos anos de burbulla inmobiliaria onde a banca e as grandes compañías gardaban ou mantiñan privados os beneficios mentres que agora se socializan as perdas e isto é inaceptable. Os políticos tamén teñen unha parte de culpa, ben por incapacidade ou (o que é peor) por omisión, non atallaron o problema a tempo. Cando ocorren feitos excepcionais e se sofren dramas sociais hai que tomar medidas e hai que facer reformas profundas. O goberno do Partido Popular non só non atalla o problema, senón que o agrava e cunha situación moito máis doada que a que tiña o anterior goberno socialista. O Partido Popular ten unha maioría na cámara parlamentaria que lles permite legislar sen ningún tipo de ataduras, polo que poderían facer unha reforma en profundidade da lei. De

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

feito noutros asuntos como a reforma laboral ou a reforma educativa ou de xustiza, onde se recortan dereitos sociais e de carácter público, andaron máis áxiles. Teñen o apoio do Partido Socialista (agora na oposición) para abordar unha reforma en profundidade da Lei hipotecaria. Xa lle gustaría ó Partido Socialista te-lo apoio do Partido Popular en situacións como, por exemplo, cando se tiveron que toma-las medidas do famoso mes de maio de 2010 e que tanto lles custou politicamente ós socialistas, nunha situación extrema para o país, o Partido Popular votou en contra, e isto, coa distancia e a frialdade que dá o tempo, será lembrado polos cidadáns. Lonxe de mellorar e emenda-los erros que dicían que ían se-la salvación dos cidadáns, o Partido Popular aumentou aínda máis o problema, porque os procedementos froito do impago van en aumento ó ritmo da subida do paro (o mesmo paro que dicían que ía desaparecer tan pronto como chegasen ó goberno) e isto non é demagogia. Existe un 18,5% máis de lanzamentos que no ano 2011 (o ano no que Zapatero tiña a culpa de tódolos males), a cifra de execucións hipotecarias rematou a súa senda á alza 15 meses despois; o número de desafiuzamentos bate tódalas marcas con 46.559 só nos tres primeiros meses de 2012. Estes datos dáos o Consello Xeral do Poder Xudicial que é un órgano de xuíces que están pedindo a gritos un cambio na lexislación. Isto, á parte de ser moi rechamante, é outra vantaxe clarísima para abordar unha reforma da Lei hipotecaria coa que estaría de acordo o Partido Socialista, e non o Decreto que acaban de aprobar. Ter feito este Decreto e non ter feito nada é o mesmo, pois de poderse acoller alguén (cousa difícil) calcúlase que sería un 5% das persoas apuradas polas execucións hipotecarias, proceso previo ó desafiuzamento da vivenda. Este 5%, tendo en conta que en España desde o ano 2007 se produciron 85.140 desafiuzamentos e a cifra de execucións hipotecarias sitúase en 374.330 (e subindo) revela que é un Decreto ridículo. Por poñer un exemplo, Estados Unidos, que é o berce do capitalismo, ten unha lei hipotecaria que permite a dación en pago; e outros países como Alemaña teñen outros mecanismos para non deixar á xente sen a súa casa. Cre, sen ser experto na materia, que se poderían facer cousas, relativamente sinxelas, aplicando nesta serie de reformas unhas medidas que foran en función do grado de sufrimento das persoas: primeiro, un refinanciamento a longo prazo; segundo, un período de carencia ou neutralización da débeda; terceiro, a dación en pago e despois unha corresponsabilidade da perda das propias entidades bancarias con aquelas persoas que no seu momento viron como se inflaban os prezos. Isto sería menos prexudicial para as entidades bancarias e sería moito máis beneficioso para a sociedade no seu conxunto. O Partido Socialista

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

pensa que co Decreto do goberno non se soluciona o problema, polo que solicitan que esta institución adopte o seguinte acordo: 1º.- Instar ó Goberno Central para que se aprobe unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafiuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias. 2º.- Instar ó Goberno e os grupos políticos parlamentarios, para que cheguen a un acordo para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ó formalizarse a hipoteca. 3º.- Instar ó Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ó mandato do artigo 47 da Constitución Española, e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras. 4º.- Dar traslado destes acordos ó Parlamento Autonómico de Galicia, así como ós 92 concellos da provincia. 5º.- Convidar ós concellos da provincia á eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita. 6º.- Colaborar dende os servizos sociais e dos servizos xurídicos da Deputación en tódolos casos que o requiran. 7º.- Interpelar ás entidades financeiras que operan na provincia para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria. 8º.- Rachar todo tipo de relación coas entidades financeiras que segan a executar desafiuzamentos a persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe sen contemplar outro tipo de vías para chegar a un acordo entre as partes. Para rematar, espera que o Grupo Popular apoie estas iniciativas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que desde o seu grupo querían salientar de modo especial a lección de dignidade que o movemento social da cidadanía organizada, que está a plantar cara ós desafiuzamentos, nos deu a todos, e que ademais demostrou que as loitas colectivas valen para algo. Os dereitos non se regalan senón que se conquistan. A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pon diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quedan coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisfai cos casos dramáticos de familias e persoas que logo de pagar altas amortizacións e xuros polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Con casos tan vergoñentos como de familias desafiuzadas cando a penas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros. Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galicia o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ó banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios no caso do Estado. A cifra oficial de desafiuzamentos do Consello Xeral do Poder Xudicial estima que en 2012 se rexistraron uns 35.000 desafiuzamentos na primeira metade do ano, o que significará que só este ano se produzan da orde duns 70.000 lanzamentos e que o número de desafiuzamentos desde que comezou a crise superará os 350.000. O propio tribunal de xustiza da UE ven de ditaminar que a lei española sobre desafiuzamentos vulnera a normativa comunitaria por canto non garante unha protección eficaz dos consumidores fronte a posibles cláusulas contractuais abusivas nas hipotecas, que levan á poxa forzosa das vivendas. As reunións agora entre PP e PSOE non poden ocultar que, en reiteradas ocasións desde marzo de 2011, os dous partidos opuxéronse ás alternativas subscrias polo BNG no Congreso dos Deputados. De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que esixe medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes. Obrigados polos acontecementos, PP e PSOE escenificaron unha farsa, da cal se acabou desmarcando o PSOE a última hora, dado o cariz que estaba tomando este asunto, e tendo en conta a alarma social xerada, despois de varios suicidios de afectados/as pola hipoteca. Iso si, non lles importou, en todo este proceso excluír das conversas a outras forzas políticas, que como o BNG si tiñan presentado iniciativas a este respecto, así como ós afectados/as, e mesmo ós representantes do poder xudicial. Dito sexa de paso, PP e PSOE non é a primeira vez que coinciden, por exemplo coa lei antiterrorista, aprobación do FROB, reforma expreso da constitución en dúas tardes de verán, etcétera. E como hai moito desmemoriado, cómpre lembrar cal foi a posición dos distintos actores políticos en todo este proceso. Na altura de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

xuño de 2011, gobernando o PSOE en Madrid, a portavoz do PSOE, Ana María Fuentes, foi concluínte na súa posición contraria a unha iniciativa do BNG para modifica-las leis que inflúen nos procesos de embargo e execución hipotecarios, e que prevía a modificación de cinco artigos da Lei de axuizamento civil, e un da Lei hipotecaria. Pois ben a resposta da portavoz do PSOE foi: *"La dación en pago con proceso retroactivo es imposible. Estamos creando falsas expectativas cada vez que hablamos de este tema"*, ó que engadiu *"no se pueden cambiar las normas del juego a mitad del partido ... y que la dación en pago encarecería las nuevas hipotecas hasta un 20% comprometiendo la salida de la crisis"*. Está claro que para a portavoz do PSOE, daquela, os bancos, os xeradores da crise, estaban por diante das persoas afectadas, hoxe parece ser que non. O curioso do asunto é que o PP fixera unha valoración positiva dalgúns puntos da proposta do BNG, aínda que non os suficientes como para apoiála. *"Consideramos"*, chegou a afirma-lo deputado do PP Pablo Matos, *"desproporcionado que un banco se pueda quedar con la casa por el 50% de su valor y que luego lo pueda vender por más a otros ciudadanos"*. Iso si, logo de dicir iso o PP votou en contra da proposta do BNG. Pois ben, as tornas cambiaron, o PP pasou a gobernar con maioría absoluta e, como era de prever, o seu discurso mudou. Para finalizar pregunta ¿qué credibilidade, pois, poden ter aqueles que legislan a golpe de páxina de sucesos?.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que parece que se empezan a ve-las diferenzas entre o PSOE e o BNG, ó parecer antes había máis *"feeling"*. Antes de defender unha emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, quere dicir que o seu grupo entende que é certo que a gravidade da crise económica e financeira e as excepciónais circunstancias polas que atravesamos o país, arrastraron a milleiros de familias a unha situación de precariedade ante a incapacidade de facerlles fronte ás súas obrigas asociadas a préstamos. A realidade é dramática en moitos casos. O PP, lonxe de negalo, reconéceo explicitamente e, en consecuencia, procura por tódolos medios ó seu alcance para amosar sensibilidade en todas e cada unha das actuacións postas en práctica para mitigalo. Non teñen nada que obxectar ó fondo da moción, desgraciadamente de tanta actualidade. É certo que en caso de execución hipotecaria por impago das cotas, se a poxa queda deserta (situación moi xeneralizada no contexto actual), a entidade prestataria adxudicase a vivenda polo 50% do valor de taxación (xa moi depreciado no mercado hoxe), e segue reclamando o pago da débeda restante máis xuros e custas xudiciais, mediante embargos de nóminas, contas, embargos a avalistas, etcétera, co cal,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

moitas familias quedan sen vivenda e cunha carga futura que se fai insoportable. Unha vez dito isto, compre compartir responsabilidades, toda vez que no sobreendebedamento das familias, existiu unha clara permisividade do sector público, unha convivencia innegable do sector financeiro e unha excesiva exposición ó risco de moitos dos consumidores, que en plenitude de dereitos e facultades, non se poden considerar totalmente alleos á situación creada. Lembra que a exministra de Vivenda (a Sra. Trujillo) dixo *“el que tenga deudas que las pague, que no se hubiera endeudado”*. O PP de Galicia non vai nega-lo desequilibrio que se produce na relación xurídica entre as entidades financeiras e os particulares, que ás veces estes contratos de préstamo máis ben parecen contratos de adhesión. Pódese coincidir en que o contexto económico adverso e a combinación legislativa aplicable, contribuíron a lanzar á pobreza a moitas familias. Pero a cuestión posúe fondas implicacións xurídicas, económicas e legislativas. O PP comparte a necesidade de dar unha resposta legislativa a unha problemática social, e froito desa vontade desde o primeiro momento en que chegou ó goberno do Estado no pasado mes de Nadal, propúxose achegar solucións a este problema de tanta complexidade. Froito disto, o 9 de marzo aproba o Real decreto lei 6/2012, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos. O modelo de protección deseñado, xira en torno á elaboración dun código de boas prácticas ó que voluntariamente xa se adheriron o 95% das entidades de crédito e outras entidades que de xeito profesional conceden préstamos ou créditos hipotecarios. En Galicia significa practicamente o 100%. O que non se pode negar é que se deron pasos firmes para facilitar e promove-la implicación do sector financeiro español no esforzo requirido para aliviar-la difícil situación económica e social de moitas familias (por certo, moito máis do que ofreceu o anterior goberno). Ademais disto, en Galicia, o 29 de xuño pasado aprobouse a nova Lei de vivenda, que tamén infire en todo isto, á que se referirá no seguinte punto co gallo da moción presentada polo BNG, que non quixo debater conxuntamente con esta. A nivel estatal, e máis recentemente sabedores da necesidade de seguir dando pasos na mellora da protección dos debedores hipotecarios vulnerables, e actuando por segunda vez, co obxectivo de abordar medidas inmediatas que paliaran o drama dos desafuzamentos, leváronse a cabo neste mesmo mes, intensas negociacións entre o goberno e o PSOE. Nelas acordouse a adopción de medidas urxentes que se plasmaron nun novo marco xurídico con tramitación parlamentaria pola vía de urxencia. Consecuencia disto, o pasado día 16 deste mes, entraba en vigor o Real decreto lei 27/2012 de medidas urxentes para reforza-la protección dos debedores

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

hipotecarios, validado no día de onte unicamente cos votos do PP e UPyD. Deste xeito, e por segunda vez como xa dixos, dentro do primeiro ano de goberno, recoñécese a necesidade de afondar nas liñas desenvolvidas e perfeccionar e reforza-lo marco de protección dos debedores. Por todo isto aprobouse o dito RDL, que vai suspender inmediatamente e por un prazo de dous anos, os desafuzamentos das familias en risco de execución. Ademais, a nova previsión normativa inclúe un mandato ó goberno para que emprenda as medidas pertinentes enfocadas a impulsar, xunto co sector financeiro, a constitución dun fondo social de vivendas dedicadas a ofrecer cobertura a quen foi desaloxado da vivenda habitual polo impago do préstamo hipotecario. O que se pretende non é senón mobiliza-lo amplo parque de vivendas propiedade das entidades de crédito, en beneficio das familias, de xeito que as rendas sexan axustadas á escaseza dos seus ingresos. Onte mesmo, o ministro de Economía falaba da previsión dun fondo de 6.000 vivendas para darlle resposta a este problema. Baseándose en todo isto, o Grupo Popular presenta unha emenda de substitución, e dá lectura ó acordo que se propón, co seguinte contido: 1º.- A Deputación trasladarlles ós rexedores da provincia o seu respaldo inequívoco ante as decisións e medidas que se están tomando, sempre dentro da legalidade e en aplicación do principio de autonomía local que recoñece explicitamente a Lei de bases, para frea-los procesos de desafuzamento nos concellos de Ourense. 2º.- Sumarse ós gobernos locais nas súas demandas e urxir ós gobernos central e autonómico para que adopten as medidas que procedan para arranxar esta gravísima problemática.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en canto á emenda de substitución que presenta o Grupo Popular, manifesta que isto lle parece un xogo de “trileros” e pide que o Sr. secretario explique como é o sistema de votación e a forma de presenta-las emendas, porque desde o seu coñecemento pensa que primeiro hai que vota-lo que se ditaminou na comisión informativa.

Intervén o **Sr. secretario** para explicar que esta mesma cuestión xa se debateu nalgún pleno do mandato anterior e tratouse cando se preparou e elaborou o vixente Regulamento Orgánico da Deputación. Con respecto á formulación e votación de emendas, dá lectura ó apartado c) do artigo 4 do dito regulamento, que di: *calquera deputado poderá formular emendas ós ditames, proposicións ou mocións sometidos á consideración do Pleno. Estas emendas deberán formularse por escrito e ser presentadas antes do inicio e deliberación do asunto á Presidencia, que llelas distribuirá ós grupos políticos, que en todo caso deben conter*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

con precisión o texto da modificación da proposta de acordo que se pretende. As emendas serán debatidas polos grupos políticos conxuntamente co asunto ó que se refiran, e votaranse previamente á votación da proposta que constitúe o seu obxecto. Non obstante o anterior, a Presidencia e os portavoces dos grupos poderán formular oralmente emendas ós asuntos durante o debate e antes da súa votación. A votación destas emendas in voce quedará suxeita á condición de que o deputado autor da proposta de acordo así o autorice expresamente.

Entende que o portavoz socialista formula dúas cuestións, a primeira sobre o alcance do concepto da emenda de adición, modificación, supresión ou substitución; e a segunda sobre o trámite da emenda á moción, proposición ou ditame de que se trate (neste caso ditame porque se tratou na comisión informativa correspondente). Sobre o alcance do concepto de emenda, o Regulamento non o indica, e desde o seu punto de vista emenda, se non se acouta na norma, é calquera modificación sempre que se refira ó obxecto do asunto (neste caso entende que se cumpre). Podería terse regulado no sentido de limita-las emendas a modificacións de carácter parcial, aínda que sería unha norma de moi difícil manexo, porque sería moi difícil acoutar ata onde chega a modificación substancial ou non substancial, e traería consigo debates interminables. Por outra banda, ó seu criterio, en ausencia de normas claras e tallantes e en ausencia de vulneración de dereitos, os funcionarios deben se-lo máis neutrais posibles en canto ó sistema de funcionamento de adopción dos acordos. En principio, a súa idea é de que o Regulamento Orgánico non limita o contido da emenda, entende que pode ser calquera modificación á moción, proposición ou ditame presentado no sentido de engadir, suprimir, modificar ou substituír, que se refira ó mesmo obxecto do asunto. En canto ó sistema de votación, o ROF recolle o mesmo que se recolle no Regulamento: vótase a emenda, se esta prospera a proposta de acordo queda emendada e sométese a votación; se non prospera sométese a votación a proposta orixinal. Neste sentido, o Regulamento orgánico introduciu unha modificación no sentido de distingui-las emendas presentadas por escrito antes da deliberación (que son ás que se refire ó ROF) e as emendas verbais (que foi nas que se introduciu a condición da autorización do autor da proposta). Isto quere dicir que se se presentase unha emenda no medio do debate non procedería a súa votación se o autor da proposta non o autoriza. Con tódolos respectos, cre que este é un debate bizantino, porque calquera que sexa a norma, á hora da verdade o resultado pode se-lo mesmo. Refírese a que se a normativa establececese (que nunca o estableceu) que non se pode votar unha emenda sen o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

permiso do relator, nada lle impediría ó grupo (ou grupos) maioritario nos asuntos de urxencia introducir un acordo deixando sen efecto outro ou cambialo completamente, ou adoptar un novo acordo nun seguinte pleno. En definitiva, as regras do xogo son que os acordos se adoptan por maioría. Insiste en que empezou dando lectura ó Regulamento Orgánico porque a norma o que di é o que se establece: primeiro non limita o concepto de emenda máis alá do seu significado, e segundo, se se presentou a emenda por escrito antes de iniciar a deliberación, vótase primeiro a emenda e despois vótase o acordo nos termos nos que quede.

Continúa o **Sr. Gómez Pérez** dicindo que o seu grupo entende que o Regulamento neste sentido queda ambiguo e que este tema vai máis alá da simple formulación técnica e é unha cuestión de vontade política. Dálle a razón ó Sr. secretario en canto a que o Grupo Popular ten a maioría, pero o seu grupo non vai entrar neste xogo. Queren defende-la súa moción, independentemente de que se fagan emendas (como as que se presentaron a tódalas mocións que se van debater hoxe no Pleno unha hora antes de comezar), e isto vai máis alá da propia lexislación ou dos propios mecanismos que podemos utilizar. Anuncia que se se vota primeiro a emenda do Grupo Popular, que é unha trampa para desvirtua-lo fondo da súa moción, os deputados do Grupo Socialista abandonarán o salón de sesións. Cre que teñen sido moi respectuosos coa institución, incluso cos acordos non escritos como era o de que cada grupo só presentase dúas mocións por pleno, e eles non romperon ese acordo senón que foi outro grupo co beneplácito do Partido Popular, porque ó seu grupo noutra ocasión non se lle aceptou. Reitera que son responsables e que non van se-los parvos útiles desta institución. O seu grupo tamén respecta tódalas declaracións institucionais, apoian moitas accións que esta Deputación leva a cabo (como os servizos sociais). Pensa que o Grupo Popular pretende manipular ó grupo maioritario da oposición e eles non van entrar nese xogo. Reitera que se se vota primeiro a súa moción tal e como a presentaron e despois se vota a emenda o grupo seguirá presente no Pleno, pero non están dispostos a aceptar este xogo que se lles presentou hoxe. Se non é así o Grupo Socialista retirárase do pleno, agás o seu portavoz, por responsabilidade para poder seguir debatendo os asuntos que quedan.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que el vai seguir debatendo o punto que nos ocupa que son os desafuzamentos. O seguinte punto da orde do día trata dunha moción presentada polo BNG no mesmo sentido. Di que é curioso como logo de que as entidades bancarias anuncien unha moratoria o goberno fai o propio. O Goberno cede unha vez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

máis á presión da banca e aproba un decreto que exclúe á meirande parte da xente afectada. En consecuencia, a patronal da banca dita, e o Goberno escribe ó mandato do amo. É a banca quen ten que responsabilizarse desta onda de desafiuzamentos salvaxes. Non pode ser que sexa a vítima a que se teña que facer cargo do problema. O decreto aprobado polo goberno do Partido Popular vai xerar, ó seu modo de ver, unha competencia para ver quen está máis enfermo ou quen é máis desgraciado. Produce unha maior desestruturación familiar e complica máis, se cabe, a situación para os miles de persoas afectados pola hipoteca. É un decreto restritivo que utiliza criterios arbitrarios e discriminatorios (por exemplo, fixa, entre outros, o limiar de renda para acollerse a estas medidas en 3 veces o IPREM e familias con menores de 3 anos. Unha familia que teña dous nenos/as de 4 anos e que reúna o resto dos requisitos respecto da renda quedaría nunha clara situación de inferioridade). Son moitas as voces críticas, mesmo desde o ámbito xudicial, que están a cuestiona-lo decreto, e que din que este acordo non vai cambia-la realidade dos xulgados nin as débedas dos afectados. Toda a xente afectada é vulnerable na medida en que ninguén deixa de pagar unha hipoteca por vontade propia, senón que en practicamente tódolos casos estamos a falar dunha situación sobrevida polos efectos da crise e pola situación do paro, que se sitúa no 26%, polo que tódalas persoas que, no caso de vivenda habitual, deixan de pagar por causas alleas á súa vontade, deberían poder acollerse a unha moratoria. Agora mesmo o que se fai é insistir na mesma liña do código de boas prácticas que xa demostrou ser un fracaso absoluto. Falando claro, o Goberno eludiu establecer unha moratoria de desafiuzamentos eficaz, medida que está a ser unha das exixencias unánimes por parte da cidadanía. Por exemplo, non se lle pon couto ós xuros de mora e non se sabe de aquí a dous anos que vai pasar (pensa que si se sabe), as economías familiares non se terán recuperado e terán que negociar unha débeda máis grande. Os limiares económicos son arbitrarios nunha lei da que os propios xuíces din que son escravos dela xa que non lles permite a fase declarativa e só lles permite a fase de execución. Tan sequera se tomaran medidas como se adoptan noutros países, onde cada ano decretan moratoria inxeneralizada dos desafiuzamentos. Unha das cuestións claves é a posible retroactividade das reformas legais na lexislación e di que desde o BNG defenden esa retroactividade. Pregúntase qué pasa cos miles de familias desafiuzadas. Anuncian a creación de un Fondo Social de vivendas de aluguer que se nutriría das vivendas roubadas ás familias (por certo, faise o anuncio, pero non se di nin cantas, nin cómo se crearía ese parque de vivenda social), o raposo queda a gardar ás galiñas. Todo o demais, os miles de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

afectados/as que non entran no decreto, as débedas impagables de tódolos afectados/as, etcétera, pode e deberá agardar á tramitación parlamentaria no Congreso como proxecto de lei. Segundo estimacións da banca, que aposta pola creación dunha nova burbulla inmobiliaria para frear os desafiuzamentos, e que é a que posúe unha información individualizada, desagregada do nivel de ingresos dos seus clientes e da súa estrutura familiar, os requisitos que esixe o Goberno para impedir os desafiuzamentos son tales que apenas 5.000 familias poderán acollerse a eles nos próximos dous anos. O ministro falou ó principio de 600.000 beneficiarios e agora di 120.000, e a realidade é que apenas van ser 5.000, porque as propias entidades bancarias aseguran que a cantidade de requisitos fixados polo Goberno apenas afectan ó 10% da súa carteira morosa.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que parece que o Sr. Gómez ven un pouco enfadado e lembra que o Regulamento Orgánico se debateu e discutiu en tódalas instancias, incluso se emendou a proposta dos grupos da oposición, e as normas están para interpretalas. Na súa primeira intervención debateu a moción presentada polo Grupo Socialista e só lle deu lectura á proposta de acordo da emenda que presentaron. Non ten ningún inconveniente en votar primeiro o que sexa, a moción ou a emenda, porque como ben apuntou o Sr. secretario, o Grupo Popular ten maioría e poderían ter presentado outra moción por urxencia. Continuando co punto a tratar, e para resumir, di que co Real Decreto 27/2012 o Partido Popular demostrou vontade política clara con dúas actuacións importantes (en marzo e en novembro). Os requisitos para a paralización inmediata e cun prazo máximo de dous anos e sen custo para o debedor son: que as familias non superen un nivel de rendas por riba dos 1.597 euros mensuais (é dicir tres veces o IPREM, 19.200 euros/ano máis menos); que exista unha alteración das circunstancias económicas, como por exemplo que a carga hipotecaria se multiplicara por un 1,5 nos últimos catro anos e a cota hipotecaria supere o 50% dos ingresos netos. Que o crédito hipotecario sexa sobre a única vivenda en propiedade. En canto ós requisitos familiares: que a familia sexa numerosa ou monoparental con dous menores; que sexan familias con algún menor de tres anos; ter ó cargo persoas con discapacidade superior ó 33% ou dependencia permanente; ser debedores en paro sen prestación por desemprego; supostos de violencia de xénero. Así mesmo, crearase un fondo social de vivendas de alugueiro a prezos baixos destinado ás familias que xa perderon as súas casas (o ministro falaba de 6.000). Non cabe ningunha dúbida de que o drama dos desafiuzamentos constitúe un gráfico

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

expoñente da crise e da situación crítica do país, como tampouco cabe ningunha dúbida da fonda preocupación e a máxima preocupación do PP neste asunto que consideran da máxima gravidade. O Goberno de España está traballando con determinación, con celeridade e sen pausa, e a Xunta de Galicia tamén. En todo caso, quere que quede claro que o PP quere transmitirle tranquilidade á cidadanía afectada, á vez que traballa decididamente co PSOE e co resto dos grupos con representación parlamentaria na busca dunha solución inminente. O PP é quen de arranxar este gravísimo problema, xa que ten a responsabilidade de goberno porque así o decidiron os cidadáns, non hai moito en Galicia e hai un pouco máis no Estado español. Quere lembrarlles ós grupos da oposición que a implicación das diferentes administracións competentes, amosando sensibilidade co grave problema social que levan consigo os desafuzamentos de vivenda habitual, é merecedora de pleno respecto e apoio total. Anticipa que o voto do PP á moción presentada polo Partido Socialista vai ser en contra e a favor da emenda que presenta o Grupo Popular.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o Grupo Popular xa conseguiu o que quería que era que non se debatesese o fondo do asunto. Todos saben ó que se refería cando explicou as regras do xogo, tanto as escritas como as que non están escritas. Cre que con estas formas se vai mal, e o único obxectivo que se pretendía coa moción era que os grupos políticos fosen da man e chegar a unha serie de acordos lóxicos. Esta emenda é unha trampa, porque a realidade é que se se vota primeiro a emenda a súa moción xa non vale para nada. O seu grupo non se caracteriza pola radicalidade en ningún dos seus aspectos, pero tampouco queren se-los parvos útiles. Non quere facer demagogia, pero na exposición de motivos da emenda do Grupo Popular dise que a crise económica que golpea a Ourense está dentro dun contexto estatal e internacional. Menos mal que recoñecen agora que é internacional, porque antes de chegar ó goberno dicían que a culpa da crise era de Zapatero e non era internacional. O seu grupo está enfadado porque o Grupo Popular fixo o mesmo con tódalas mocións que veñen hoxe ó Pleno, agás na da canteira de Castrelo de Miño, porque nese concello non goberna o PP e non interesa presentala. O seu grupo non está disposto a enganar e reitera que os acordos verbais, para el, teñen tanto valor como os escritos, e se eles respectan as normas esixe o mesmo para todos. Leva nesta institución seis anos e nunca se fixo o de hoxe (presentar tódalas emendas unha hora antes do Pleno).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

O Sr. presidente, antes de someter a votación a emenda e a moción, di que neste debate se dixeron palabras como “trileros”, engano, trampa. Falouse de rompe-las regras de xogo en relación con acordos non escritos. Con respecto ás normas escritas di que o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense se aprobou por unanimidade de tódolos presentes o 27 de abril de 2012 sen alegacións e este acordo está vixente. O portavoz do Grupo Socialista está pedindo que se incumpra o Regulamento da Deputación, dado que, en relación coas emendas, no seu artigo 4.c) se di que as emendas serán debatidas polos grupos políticos conxuntamente co asunto ó que se refiran, e votaranse previamente á votación da proposta que constitúe o seu obxecto e previamente é antes, con anterioridade á moción.

Seguidamente o Sr. presidente somete a votación a emenda presentada polo Grupo Popular antes da deliberación do asunto (neste momento os deputados que compoñen o Grupo Socialista, agás o seu portavoz, abandonan o salón de sesións), que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do BNG (2) e do deputado do Grupo Socialista presente no salón (1), polo que queda aprobada.

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista que obtén o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do BNG (2) e do deputado presente do Grupo Socialista (1), polo que a moción queda rexeitada.

Como consecuencia da anterior votación, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Trasladarlles ós rexedores da provincia o seu respaldo inequívoco ante as decisións e medidas que se están tomando, sempre dentro da legalidade e en aplicación do principio de autonomía local que recoñece explicitamente a Lei de bases, para frea-los procesos de desafiuzamento nos concellos de Ourense.

2º.- Sumarse ós gobernos locais nas súas demandas e urxir ós gobernos central e autonómico para que adopten as medidas que procedan para arranxar esta gravísima problemática.

6º.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONA-LO DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o tema está suficientemente debatido e dá lectura ós acordos que solicitan na súa moción, co seguinte

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

contido: 1º.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ó grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes: contempla-la dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantindo o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes; establecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou ós negocios comerciais; contemplar moratorias para deixa-lo pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio; establece-la posibilidade de poder converte-la hipoteca nun aluguer. Estudar un procedemento concursal específico para permiti-la paralización de certas execucións: modifica-lo réxime de taxación e aumenta-la porcentaxe de adxudicación ó acredor, actualmente no 50% do valor de taxación. 2º.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social: habilitar un fondo económico especial para atende-los casos máis dramáticos e evita-lo desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas. 3º.- Instar á Xunta de Galiza á: creación dunha oficina de asesoramento para familias ameazadas polos desafiuzamentos; creación dunha bolsa de vivenda social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte desta para o aluguer social ou venda a prezo taxado. 4º.- Remitirlles este acordo ó presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que non vai debater esta moción porque non lle gusta o camiño que tomaron hoxe os acontecementos. Por moito que argumenten os grupos, mal se lle pode dicir á cidadanía que ante un problema tan grave, o único que facemos hoxe é cambia-lo procedemento para facer unha serie de alegacións, emendas, ou como se lle queira chamar, para apoiar ós rexedores que estean tomando medidas dentro da legalidade en aplicación da autonomía local e isto é unha tomadura de pelo, porque se lles está a dicir ós alcaldes que fagan o que xa teñen legalidade para facer. Estas alternativas podían terse debatido nas comisións informativas e ó mellor podíase ter chegado a un acordo, pero non está ben face-lo que fixo hoxe o Grupo Popular, que é de *trileros*. Lamenta esta situación porque non é a forma de actuar do seu grupo, pero non lles queda outro remedio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Reitera que o único que pedían era votar primeiro a moción, pero se o Grupo Popular quere desvirtua-los debates está disposto a desvirtualos e farán oposición doutro xeito. O PP nunca apoiou acordos do Partido Socialista en oito anos de goberno (incluso en temas como o terrorismo), opoñéndose a leis que se aprobaban recollendo sinaturas. Nese sentido o PP non lle dá ningunha lección a ninguén e moito menos ó Partido Socialista.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se vai cingir á moción do BNG e a emenda que presentou o Grupo Popular, para que non se diga que veñen de *trileros*. Dille ó Sr. Gómez Pérez que o Regulamento de funcionamento da Deputación se aprobou para algo, agás que o Sr. Gómez presente algunha fórmula alternativa para poder estudala e ó mellor se modifica, pero neste momento hai que cumprilo porque así o acordaron tódolos deputados. Pídelle desculpas ó Sr. Rodríguez Puga por referirse ó punto anterior, pero quere dicir que a emenda do Grupo Popular á anterior moción é o manifesto literal e unánime da Federación Galega de Municipios de Provincias. En canto á moción do BNG di que é certo que o fondo da moción é un tema moi delicado no que se evidencia como os efectos da crise mostran a súa faciana máis dura. O PP deulle máxima prioridade a esta problemática e froito disto foron eses dous decretos ós que se referiu antes. Non se pode negar que se deron pasos firmes e aprobouse o Decreto do 9 de marzo, só tres meses despois de chegar ó goberno (outros puidérono facer tres meses antes de irse pero non o fixeron). O Sr. Rodríguez Puga criticou o Código de Boas Prácticas, que vai dirixido a tres fases de actuación: a primeira dirixida a procura-la reestruturación viable da débeda hipotecaria, a través da aplicación ós préstamos ou créditos dunha carencia (ata 4 anos) na amortización de capital e unha redución do tipo de xuro durante catro anos (euribor+0,25) e a ampliación do prazo total de amortización (ata 40 anos), no artigo 3 do Real decreto-lei especifícanse as condicións dos beneficiarios. Na segunda fase as entidades poderán ofrecerlles ós debedores unha quita sobre o conxunto da débeda. Se ningunha das medidas anteriores logra reduci-lo esforzo hipotecario dos debedores a límites asumibles para a súa viabilidade financeira, estes poderán solicitar, e as entidades deberán aceptar, a dación en pago como medio liberatorio definitivo da débeda. Neste último suposto as familias poderán permanecer na súa vivenda durante un prazo de dous anos satisfacendo a renda asumible. As medidas descritas complementáanse con outras de índole procesual e fiscal. Prevese unha poxa única e un importe mínimo de adxudicación, e en materia fiscal as escrituras públicas de formalización das novacións contractuais que se produzan ó abeiro do Código de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Boas Prácticas quedarán exentas da cota gradual de documentos notarias da modalidade Actos Xurídicos Documentados. Expón o seguinte caso práctico: unha vivenda de 180.000 euros na que se estea pagando o Euribor + 0,75 a un prazo de 20 anos, actualmente pagaría 812 euros e co plan de reestruturación pagaríanse 307 euros polos xuros e tralos 4 primeiros anos a cota sería de 550 euros. Pregúntase se se avanzou ou non. Para o PP é prioritario intervir de xeito que non se teña que abandonar-la vivenda, é dicir, procurar que non se chegue á temible fase de execución hipotecaria. Ademais disto, no mes de xuño en Galicia aprobouse a nova Lei de vivenda, que tamén incide neste asunto. Quere dicir que ninguén teña a mínima dúbida de que o PP quere ofrecer solución e tratamento xusto e equilibrado ás familias que se atopan en situacións complexas derivadas da terrible crise actual. Non cabe ningunha dúbida de que o drama dos desafuzamentos constitúe un gráfico expoñente da crise e da situación crítica do país e de Europa. O Goberno de España está traballando con determinación e claridade, froito disto son os dous reais decretos que se van tramitar, o último deles, como proxecto de lei e espera que con achegas dos outros grupos políticos, xa que non lle consta que teñan presentado propostas con respecto a esta lei no Parlamento de Galicia. Espera que o novo goberno da Xunta que nomee o recentemente electo presidente continúe con isto. Quere lembrar que cantas actuacións ou políticas se queiran implementar, pertencen en exclusiva á autonomía de cada entidade para decidi-lo que estimen conveniente co apoio da Deputación Provincial. Dá lectura á emenda de substitución que presentan, co seguinte contido: *a Deputación de Ourense insta ó goberno da Xunta de Galicia, para adoptar, coa maior axilidade posible e en atención ás maiores dificultades por situacións familiares ou de renda, as medidas precisas que permitan por a disposición dos afectados por desafuzamentos as vivendas de promoción pública baleiras ou pendentes de adxudicar por parte da Xunta de Galicia.*

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que non van acepta-la emenda de substitución. Os puntos que se recollen na súa moción están claros e así os teñen exposto nos diferentes parlamentos. O portavoz do Grupo Popular di que está de acordo co espírito da moción, igual que estaba de acordo co da moción das preferentes, pero logo votan en contra. Comenta unha cita de Castelao, que di: *díxolle o can ó raposo, domésticate que che vai ir mellor, e díxolle o raposo ó can, eu non che nacín para can.* No ser humano impera o instinto de supervivencia e este instinto non respecta nin as maiorías referendadas nin as minorías, é comer día a día, coidar á familia e tela na casa. Estamos falando de tomar medidas contundentes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

e serias e o BNG non está disposto a aceptar rebaixas nin medidas cosméticas de ningún tipo que non aborden o problema de raíz. Hai que darlles solucións ós que de forma allea á súa vontade perderon a súa vivenda ou están a punto de perdela. Para o BNG as medidas que se adopten teñen que inexorablemente ir ó cerne da cuestión, ademais de incluír unha bolsa de vivendas para persoas desafiuzadas ou con problemas económicos, unha moratoria que poida traducir de diferentes formas segundo a particularidade dos casos e non en abstracto. Ademais, tódolos casos deben poder acollerse a estas medidas e esa é a retroactividade das normas. O poderes públicos teñen que defende-lo dereito a unha vivenda digna e hai milleiros de casas baleiras e milleiros de familias sen casa, polo tanto hai que buscar unha solución. A emenda do Grupo Popular preséntase para non chegar a ningún acordo e houbo tempo para presentala con anterioridade. Piden ó apoio á súa moción tal e como a presentaron.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pensa que con esta moción do BNG o Grupo Popular empregou a mesma xugada ou o mesmo truco que coa que presentou o Grupo Socialista. Intentouse chegar a un acordo para debate-las dúas mocións conxuntamente pero non se conseguiu e as normas están para aplicarse, pero o sentido común é o máis común dos sentidos. Di que, aínda sen ganas, vai seguir co Pleno, e tamén comenta o seguinte dito popular: *díxolle o can ó óso, ti es duro, pero eu teño tempo*. O portavoz do Grupo Popular dilles ós cidadáns que non se preocupen que van arranxar esta situación, e no día de onte o *gurú* que teñen de ministro, o Sr. de Guindos, nun medio estranxeiro dixo que se rebaixan as persoas beneficiadas dese decreto de 600.000 a 120.000 e se seguen así acabarán sendo 10.000. Non cre que el teña a razón absoluta, pero o Grupo Popular tampouco a ten, e para chegar a acordos ás veces están as normas non escritas. Nesta Deputación, ó parecer, fáiselle caso á FEGAMP só cando convén, pero cando din que as deputacións non se poden facer cargo dos servizos sociais, ou cando din que hai que romper convenios ou outro tipo de colaboración, ou que desde Medio Rural e Presidencia non se pagan os grumires, etcétera, non se lle fai caso. Non quere seguir con este debate, xa que quedou no Pleno para exerce-la súa responsabilidade e defende-las outras mocións que presentaron para que as coñezan os cidadáns.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, vai tratar de ser moderado, porque os portavoces da oposición están moi irascibles e di que ata o propio Castelao non lle gustaría a forma na que se fixo a súa cita, xa que non sabe que quixo dici-lo Sr. Rodríguez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Puga. Non se poden terxiversa-las palabras e hai que saber valora-la ironía. En canto ós acordos da FEGAMP todos poden dicir que si, que non, ou valoralos, todos teñen a mesma lexitimidade e non todo ten que ser branco ou negro, ás veces, e sobre todo en política, é gris. Reitera que o Partido Socialista en anos non fixo nada, e o PP en marzo, tres meses despois de gobernar, intentou darlle solución a unha lacra social crecente. Esta é a realidade, o demais é facer citas e oportunismo político para aproveitarse de que determinadas persoas pasan por desgrazas sociais e familiares e el négase en rotundo a entrar niso. En canto ás emendas di que están totalmente lexitimados, porque o Regulamento Orgánico da Deputación así llo permite. Hoxe dedicoulle máis tempo el a debate-las mocións que os propios grupos que as presentan, porque vai ó fondo dos temas e non á galería. O Grupo Popular votará a favor da emenda de substitución que presenta e en contra da moción do BNG.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, reafírmase no que dixo anteriormente. Non aceptan rebaixas nin medidas cosméticas e queren que exista unha retroactividade.

O **Sr. presidente** manifesta que na Xunta de Portavoces, dado que as mocións do PSOE e do BNG trataban dos desafuzamentos, propúxose acumulalas para debatelas conxuntamente e que se votasen por separado. Non se acumulou o debate porque o BNG non quixo e por esa razón tratáronse por separado, tanto os debates como as votacións. Cada un é responsable do que fai e non se pode contravi-lo Regulamento aprobado por unanimidade dos membros da Corporación. Eles presentaron as emendas antes do inicio do Pleno e noutras corporacións presentan as emendas antes do debate de cada moción, unha vez avanzado o desenvolvemento da sesión. Ó Sr. Gómez Pérez xa lle pasou isto no Concello de Ribadavia (acta do Pleno do 27 de outubro de 2011) cunha emenda conxunta do BNG e do PP. Manifesta que nin tan sequera o único deputado do Grupo Socialista que está no salón de sesións votou a favor da súa propia moción.

Neste momento prodúcese un cruzamento de palabras entre o Sr. presidente e o portavoz do Grupo Socialista.

Seguidamente o Sr. presidente somete a votación a emenda que presentou en tempo e forma o Grupo Popular, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), o voto en contra dos deputados do BNG (2) e a abstención do deputado presente do Grupo Socialista (1), polo que queda aprobada a emenda.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

A continuación somete a votación a moción do BNG que obtén o voto favorable dos deputados do BNG (2), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención do deputado presente do Grupo Socialista (1), polo que a moción queda rexeitada.

Como consecuencia da anterior votación, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar ó goberno da Xunta de Galicia para adoptar, coa maior axilidade posible e en atención ás maiores dificultades por situacións familiares ou de renda, as medidas precisas que permitan pór a disposición dos afectados por desafiuzamentos as vivendas de promoción pública baleiras ou pendentes de adxudicar por parte da Xunta de Galicia.

7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A GRAVE SITUACIÓN DO SECTOR LÁCTEO.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción, e dálle a palabra ó Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que o Sr. Álvarez Dobaño aludiu ás citas, e o Regulamento da Deputación non di nada en contra delas, por iso empeza a súa quenda de debate coa seguinte de Castelao: *o día que nos emitamos papel moeda, non estamparemos nel o retrato dos políticos, nin dos sabios, nin dos artistas, estamparemos somentes a figura dunha vaca como símbolo da nosa economía humanamente distribuída*. Isto ven demostrar que para Galicia o medio rural foi sempre o principal sustento da súa economía, e o sector lácteo é un deles. A realidade da situación do sector lácteo en motivado que despois de moitos anos, as organizacións agrarias convocaran para o día 27 unha folga na entrega da súa produción. Loxicamente hai que entender que para que isto ocorra é porque están cansados de non chegar a ningún acordo nin nada que salve as súas economías e o seu medio de vida. O sector lácteo galego está nunha situación límite. Nos tres últimos anos desapareceron en Galicia máis de 3.000 explotacións, e isto acompañouse da destrución de máis de 10.000 empregos e ó redor de 3.000 explotacións están ó borde de suspensión de pagamentos. De non adoptarse medidas urxentes será imparabile o peche das explotacións. Por isto, o BNG solicítalle ó Pleno da Deputación Provincial a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Instar á Xunta de Galicia a impulsar un marco galego de relación entre os diversos operadores do sector lácteo coa finalidade de procurar medidas e políticas que fagan fronte á situación das explotacións leiteiras, asumindo a súa defensa diante do Estado. 2º.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o establecemento dunha moratoria na aplicación do Decreto 1363/2012 ata que existan medidas que garantan prezos mínimos xustos e cubran os custos de produción

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012

dos gandeiros e gandeiras galegas. 3º.- Apoia-las mobilizacións das organizacións agrarias galegas que reivindicán medidas contra a grave situación do sector lácteo. Unha das principais causas desta situación son os baixos rezos do leite en orixe, ó que hai que engadi-lo desmesurado incremento dos custos de produción (prezo dos cereais, dos pensos, dos combustíbeis, etcétera). As explotacións lácteas galegas reciben 0,28 euros por litro de leite, 2 céntimos por debaixo da media estatal e 5 céntimos menos que na Unión Europea, que representan cifras similares ás de hai dúas décadas. Son moitas as explotación que realizaron un gran esforzo de modernización nas súas explotacións e por mor destes prezos tan baixos están a se facer inviábeis. Tendo en conta que o sector lácteo é a columna vertebral da economía agraria galega, a persistencia desta situación pon en serio risco non só o mantemento da actividade produtiva e económica no rural senón que constitúe unha clara ameaza para a propia existencia de vida no medio rural galego. Esta situación vese agravada pola falta de iniciativa do Goberno galego que non só non adoptou ningunha actuación para facer fronte a esta situación senón que mesmo adoptou decisións políticas que comprometeron gravemente a viabilidade e o futuro das explotacións leiteiras. Os grupos políticos nesta Deputación deberíamos de coincidir, hoxe aquí, en pór de manifesto as políticas de abuso e estrangulamento que está a sufrir o sector leiteiro, algo que non é novo, un sector estratéxico para a nosa economía produtiva. Un abuso que é aínda maior cando se lle suma a indiferenza e o abandono por parte das institucións que o deberían defender. Témo-lo prezo do leite en orixe máis baixo do Estado español, cunha media de 28 céntimos, pero con máis de 9.000 explotacións que están vendendo o litro por baixo dese prezo, cuestión que contrasta con outras comunidades como Asturias, onde o prezo está en 32 céntimos, ou Andalucía, con 33 céntimos por litro. En Europa acontece outro tanto, con valores de 32'5 céntimos de media no Reino Unido e Francia. Fronte a estes prezos, os custos de produción no sector están en 36 céntimos de media por litro. Estes valores ruinosos do leite levaron a que pechasen preto de 500 explotacións leiteiras en Galiza no último ano, e a que o sector perdesse de ingresar, en Galicia, 40 millóns de euros. Na provincia de Ourense estamos a comprobar como cada ano pechan novas explotacións, ante a imposibilidade de vivir delas cun mínimo de dignidade. A día de hoxe contabilízanse en preto de 90 o censo total de produtores, cando no ano 1992 había 10.500 explotacións, moitas delas, certo é, de apenas 1 ou 2 vacas. Por iso, desde o grupo provincial do BNG pensan que fronte ás posicións sucursalistas que continúan a ollar para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Madrid como nai das solucións, cren que esta produción galega hai que defendela desde Galicia. Polo tanto a negociación débese facer no ámbito galego e centrala no noso país.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que nin sequera sabe o contido da emenda presentada polo Grupo Popular, pero a realidade é que os produtores de leite de Galicia están a afrontar un tema de incertezas económicas, agravadas en boa medida polo diferencial dos prezos do leite entre España e Europa. Supón que estarán todos de acordo en que os gandeiros galegos son os que reciben un prezo máis baixo polo seu leite en toda España. En setembro de 2012 os gandeiros galegos percibiron 0,224 euros por litro de leite, que é un 6,80% menos que a media estatal, e un 17% menos que os que máis cobran que son os andaluces. Lembra que na Comunidade Autónoma de Galicia está a metade da produción de toda España. Esta é unha responsabilidade que non lle compete á Xunta e xa dixo nas comisións que habería que modificar iso e instar a quen corresponde. Estamos a ver como os gandeiros están tirando o seu propio produto e pensa que non o farán por unha actitude de (como lle chamaron a el) hooligans, senón que terán suficientes razóns para facelo, que segundo escoitou onte supónlles unhas perdas millonarias. Pensa que hai que apoiar ó sector leiteiro da nosa comunidade, aínda que sabe que en Ourense hai menos explotacións que en Lugo ou na Coruña. Outro sector que ten problemas, que haberá que abordar noutro pleno, é o da carne da nosa provincia. O espírito do Grupo Socialista neste Pleno era apoiar esta moción porque están de acordo con ela e pedirlle ó Grupo Popular que fose responsable e que apoiase tamén a moción do BNG, pero por todo o que pasou hoxe aquí non vai votar porque non actúa como grupo socialista.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, promete que nos próximos plenos tamén citará a Castelao. Entrando no asunto e deixando a un lado as *pataletas*, no bo sentido da palabra, quere dicir que, malia que na moción cuestionan que se fagan cousas, o PP é consciente da importancia do sector lácteo para Galicia e non dubida que é un sector estratéxico para a nosa terra. Manifesta que a estrutura produtiva do sector lácteo agrupa actualmente ó redor de 11.000 explotacións (55% de España), que xeran 2,3 millóns de toneladas de leite (38% de España). A media produtiva por explotación é de ó redor de 207.000 litros. A estrutura comercial agrupa a 70 primeiros compradores, dos cales 35 son cooperativas. Cada operador recolle leite a unha media de 188 explotacións e a media recollida é de 32.000 toneladas. O

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

80% do leite vai destinado á súa venda en líquido (UHT). A estrutura distribuidora concéntrase de forma importante: 4 firmas concentran o 60% nacional. A volatilidade de prezos que acompañou a crise de valor dos anos 2008 e 2009 manifestouse de xeito especial en Galicia pero naquel entón non vimos ó goberno bipartito autonómico nin ó do Sr. Zapatero. Falan da falta de iniciativa do goberno galego agora, antes non falaban . A falta de iniciativa sería a que se tiña no goberno bipartito, porque desde 2009 en diante a Xunta de Galicia, para mellora-la competitividade das explotacións, empezou pola mellora da base territorial das explotacións a través da Lei de mobilidade de terras, Lei de montes e proximamente coa Lei de mellora da estrutura territorial agraria. Mellora da eficiencia enerxética mediante a achega de 12 millóns de euros en axudas para este fin. Para mellora-la capacidade financeira e de liquidez, no ano 2009 dispuxéronse máis de 20 millóns de euros de fondos propios en axudas diversas para paliar-la crise que afrontaba o sector pola caída de prezos. Priorizouse o pagamento de axudas da PAC e axilizouse de forma xenérica o seu aboamento. En 2011 achegáronse máis de 115 millóns de euros. Para mellora-la estrutura comercial, publicouse o Decreto que regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das organizacións de produtores de leite en Galicia. A posta en marcha de Galega 100% que avala a identificación do leite galego de calidade diferenciada. O pasado mes aprobouse en Madrid o Real decreto que desenvolve o chamado paquete lácteo, que busca equilibra-la relación entre os gandeiros e distribuidores, ó fixa-los prezos do sector por escrito e con antelación (é dicir, canto se vai cobrar e cando se vai cobrar, xa que antes nin iso se sabía). Púxose á súa disposición a ferramenta para tratar de conseguir un prezo digno e negociado a través da constitución das organizacións de produtores lácteos así como a ferramenta que lle asegura ó produtor o prezo e o cobro do seu produto, o contrato obrigatorio homologado. Esta é unha medida que a Xunta reivindicou desde sempre, por considerar que está chamada a mellora-la situación do sector produtor lácteo e porque era unha petición reiterada durante moitos meses, e os partidos políticos e os sindicatos (a excepción dalgún) estiveron ó pé desta reivindicación. O Grupo Popular entende que o PSOE e o BNG están contradicindo ós seus propios deputados que defenderon ante o parlamento a sinatura destes convenios, incluso defenderon os contratos homologados nunha proposta de resolución no debate de política xeral do mes de marzo. O candidato socialista non se pon de acordo consigo mesmo e contradí o seu propio programa electoral (o PSOE levábao no seu programa para estas eleccións). O PP e a Xunta de Galicia están ó lado dos gandeiros e as competencias son de que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

son e hai que reivindicar onde corresponde. En oito ou nove meses houbo que face-lo que non se fixo en oito anos. Saben que a cadea de valor do leite non funciona, que a situación das explotacións é límite, que a estrutura comercial se debe revisar e que é preciso avanzar na mellora da estrutura comercial a curto e medio prazo para evitar persistir no desequilibrio. Pide que lean ben a emenda presentada, á que non dá lectura porque obra en poder dos señores deputados.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que lle acaban de dar unha serie de datos e que lle vai ser difícil lembralos todos. O Decreto 1363/2012, de 28 de setembro, é unha das medidas do goberno, pero ese Decreto dálle apoio á gran industria de distribución para poder seguir facendo o que leva facendo toda a vida, que é poñerlle o pé enriba ós gandeiros. Recoñece que se están tomando medidas, pero se as medidas son equivocadas é igual que se non se fixeran. O portavoz do Grupo Popular dixo que cando o BNG tivo competencias na Consellería de Medio Rural non fixo nada, pero si que fixo cousas como crea-lo banco de terras, o contrato homologado, o prezo do leite nese momento acadou os prezos máis altos (49 céntimos litro), incluso superior á que se pagaba en Francia. Efectivamente, todo goberno ten funcións de gobernar e ten que facer algo e lonxe de amaño-las cousas, o Ministerio de Agricultura precipitouse ó facer obrigatorio un contrato, que, na conxuntura actual, fixaría unhas condicións ruinosas para o sector sen que haxa posibilidade, aínda, de negociar uns prezos dignos, que afonden aínda máis na crise de prezos que sofre o sector, especialmente en Galicia. Isto é así porque non existen mecanismos de negociación dos prezos nin garantía de que estes cubran, como mínimo, os custos de produción nas granxas. De feito, aínda non se estableceron uns índices de referencia para os prezos, nin se rematou o proceso de constitución das organizacións de produtores lácteos. Se o Ministerio de Agricultura porfía nesta decisión, estaralle dando á industria un poderoso instrumento de coacción fronte ós produtores e produtoras, que estarán na obriga de vender o seu leite, aínda que sexa fixando prezos ruinosos nos contratos. Fronte á pasividade do goberno galego, que, como sempre mira para outro lado, lembra os datos que xa deu da Consellería do Medio Rural a partir do ano 2008, dirixida por Alfredo Suárez Canal. Nun sector tan desestruturado como o sector leiteiro, permitiu encetar unha nova etapa de superación dunha relación anacrónica entre industrias e produtores para ter un marco de relación transparente, e isto, coas medidas que se levan acometendo desde que o PP está no goberno, foi todo para atrás. Pode asegurar que durante a primeira etapa da anterior

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

lexislatura na Xunta de Galicia, por non dicir durante os catro anos, moito do traballo que fixo o PP foi destruí-lo que se fixo a partir de 2008.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o grupo de goberno é moi habilidoso nalgunhas cuestións e pregúntase para qué se presentaron ás eleccións a nivel estatal e a nivel autonómico, se para gobernar ou para botárllle-las culpas de todo ós demais. O prezo do leite co bipartito, no ano 2008, era de 49,15 céntimos, entón algo se faría ben para que estes prezos fosen os máis altos que tiña o sector lácteo e non se estaban a tirar litros e litros de leite como se fai agora. Outros factores que lle afectan ó sector leiteiro son a subida do IVE do carburante, dos pensos, etcétera, todo isto a maiores de que teñen os prezos máis baixos que en Andalucía e en Asturias (de presidentes socialistas). Di que o presidente da Xunta de Galicia si ten competencias para reclamar. En canto ós contratos homologados di que son un mal menor se o comparamos co sector do viño. Na época do bipartito os viticultores sabían o que ían cobrar, fose máis ou menos, pero desde que goberna o PP non saben nin o que van cobrar nin cando, e moitos deles levan tres anos sen cobrar. Se o grupo de goberno coñece á conselleira do Medio Rural e do Mar non será polos investimentos realizados na provincia nin por intentar acadar, axudar ou impulsar sectores estratéxicos. Na súa comarca (Ribadavia) tiña que asinar un convenio e nin sequera quedou a asinalo. Con isto quere dicir que unha persoa que non coñece o medio rural, mal lles pode facer fronte ós problemas que teñen os gandeiros. Ninguén ten unha variña máxica ou a razón absoluta, pero dispoñen de medios para solucionar problemas. A día de hoxe estanse tirando ó chan millóns de litros de leite e algo terá que ve-lo PP e non será culpa do bipartito ou de Zapatero, que xa hai tempo que non están. Pídelle ó grupo de goberno que intente asumi-las súas competencias e que asuman os seus erros, porque coa subida do IVE dos produtos básicos non se axuda para nada ó sector. Reitera que copien de Andalucía e de Asturias, porque, ó mellor, os seus presidentes teñen outras fórmulas distintas deste gran presidente que defende o grupo de goberno.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que de Andalucía, en todo caso, copiarán algunhas cousas, porque nin todo o mundo fai todo ben nin todo o mundo fai todo mal, pero algunhas cousas fanas demasiado ben. En canto a bota-las culpas a alguén di que na oposición aínda se lembran do Sr. Aznar e do Sr. Fraga (que en paz descanse) en moitas ocasións, e as herdanzas, para ben ou para mal, están aí. O PP entende a preocupación xerada neste sector lácteo galego pola situación dos prezos e pola inxustificada diferenza que estes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

teñen entre Galicia e o resto das comunidades autónomas. Pero consideran que a folga que se pretendía non é a mellor fórmula para buscar solucións, senón que se debería dialogar e traballar para construí-lo prezo do leite. Os produtores e as entidades que os agrupan e representan deben facer valer a ferramenta de negociación que se lles deu coa posibilidade de formar organizacións de produtores lácteos, tan demandada. Non entenden que a primeira acción de traballo da organización de produtores lácteos conformada en Galicia sexa unha folga de entregas do leite e non a de negocia-lo seu prezo. As industrias e a distribución deben traballar para evitar prácticas comerciais abusivas e nas que se podería chegar a vender a perdas os produtos lácteos. Deben poñer en práctica medidas como as propostas dentro do acordo suscrito entre tódalas partes (agás UPA). A día de hoxe están moderadamente satisfeitos co achegamento entre as partes que propicia a suspensión temporal da folga de entregas. Esta é, en todo caso, unha solución a curto prazo, pero todos (produtores, distribución, industria e administracións) seguimos tendo deberes e temos que continuar traballando polo futuro do sector. Está en condicións de dicir que a Xunta se compromete a seguir mediando entre as partes e a ratifica-lo acordo ó que se chegue, como garantía do seu cumprimento e tamén a trasladarlle ó ministerio este acordo para que se ratifique a nivel nacional. Seguen insistindo en que, ó seu entender, unha medida de presión como a folga de entregas non é a solución. A Xunta de Galicia, ademais de mediar entre as partes para facer posible esta solución a curto prazo, segue impulsando medidas a medio e longo prazo en contacto permanente co ministerio. Neste sentido van as iniciativas ás que se referiu no seu discurso de investidura o presidente da Xunta, tales como as futuras leis de agricultura e de estrutura agraria de Galicia, o programa de ordenación do territorio para abarata-los custos de produción ou as medidas de mercado. Parten de que tódalas partes están de acordo en que o prezo que o produtor percibe polo leite non remunera desde hai meses os custos de produción, debido á suba brutal destes últimos, en porcentaxes de máis dun 30% no caso dos pensos e da enerxía. Tódolos axentes teñen claro que hai que traballar para mellora-la cadea de valor do leite e poñerlle freo a prácticas desleais e posiblemente algunhas delas contrarias á normativa dunha competencia saudable e leal. Cónstalles que a industria reconece que o produtor non pode aturar por máis tempo esta situación, e comprométense a poñer todo da súa parte para corrixila. A distribución galega manifesta tamén a súa comprensión pola difícil situación dos gandeiros e amósase disposta a tratar de axudar tamén a valoriza-los produtos. Pode asegurar a día de hoxe que a Xunta se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

compromete a facer que a primeira reunión do presidente electo da Xunta sexa co sector lácteo. Instar ó goberno de España para que convoque de novo a produtores, industria e distribución para tratar estes asuntos. E tamén asumir coa máxima responsabilidade o voto de confianza que lle dan as partes para que sexa garante destes acordos. Todo isto vaise formalizar nun documento por escrito que resumirá os acordos verbais. O grupo de goberno felicítase con prudencia deste principio de acordo para que sexa o futuro prometedor do sector lácteo do noso país.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que nas dúas intervencións do portavoz do Grupo Popular entendeu que están de acordo coa importancia que ten este sector no noso país. No que non está de acordo é con que se diga que non é a mellor medida que os sindicatos ou os produtores e produtoras se poñan en folga e tiren 13 millóns de litros de leite que tiveron uns custos para poder producilos, é porque xa non teñen máis recursos e é a medida que lles queda ou senón pechar. O concelleiro Samuel Juárez, antes de desaparecer-la consellería, dicía, con outras palabras, que o medio rural galego non tiña futuro porque era moi custoso sacalo adiante. Coa emenda que propón o Grupo Popular intentan cambiar tódolos acordos que propón o BNG na moción e non ven en ningún parágrafo que se garanta un prezo mínimo do leite en orixe, para que os produtores teñan futuro como traballadores. Reitera que manteñen a súa moción tal e como a presentaron e non están de acordo coa emenda de substitución presentada.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que resulta aprobada co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), o voto en contra dos deputados do BNG (2) e a abstención do deputado presente do Grupo Socialista (1).

Seguidamente somete a votación a moción presentada polo BNG, que resulta rexeitada ó obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención do deputado presente do Grupo Socialista (1).

Como consecuencia do anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia para:
 - a) Impulsa-la vertebración do sector lácteo en Galicia de cara a dotar de maior estabilidade as relacións entre os diferentes chanzos que interveñen na cadea, para potencia-las solucións estruturais de relación entre produtores e cooperativas coa industria, e mellora-las relacións interprofesionais entre as industrias e a distribución

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

para contribuír á estabilidade do sector lácteo, do mercado e do prezo do leite e dos seus derivados.

- b) Promover e incentiva-la extensión da sinatura dos contratos homologados entre produtores e industria.
- c) Impulsa-los avances que se produciron a través da mediación da administración para concreta-la existencia de contratos homologados para o ámbito do cooperativismo.
- d) Priorizar nas ordes de axuda e nas políticas para as industrias a aquelas que subscriban os contratos homologados cos produtores e garantan a rastrexabilidade do leite.
- e) Seguir desenvolvendo o plan de inspección de calidade do lácteo de cara a analiza-los contidos e detectar prácticas ilegais ou abusivas.
- f) Comunicarlle de forma oficial á Comisión Nacional da Competencia a situación existente para solicitar deste órgano a análise da situación de cara a dilucidar se existen e se poden sancionar estas prácticas.

Intervén novamente **don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, para dicir que os apartados a) ó f) da emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, responden a unha proposición non de lei aprobada por unanimidade dos tres grupos no Parlamento de Galicia, e os dous últimos apartados e) e f) xa os está facendo neste momento a Xunta de Galicia.

Tamén intervén **don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, para dicir que o portavoz do Grupo Popular quere dar a entender que o BNG está completamente errado, e isto non é así, porque o que se pide, aprobara quen o aprobara, non se cumpre.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CONTAMINACIÓN DAS AUGAS.-

Trala ratificación previa da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que por responsabilidade quedou no Pleno para expoñe-las mocións que presentaron, pero que nin sequera o seu grupo vai vota-la moción e non lle correspondía a el defender esta moción, xa que a ía defender unha compañeira súa. Seguidamente dá lectura á moción, co seguinte contido: “*A provincia de Ourense, é unha das provincias de España con máis recursos acuíferos, e co maior número de encoros nos nosos municipios. Mesmo o presidente desta institución se*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

reuniu o mes pasado, con directivos da Federación nacional de municipios con centrais eléctricas e embalses para poñer en marcha un proxecto de optimización e mellora da xestión dos ingresos enerxéticos dos concellos afectados. Pero non só nos teñen que preocupa-los ingresos, que tamén, senón a calidade das augas dos encoros e as da súa procedencia, que é o mais importante e preocupante. Na provincia de Ourense saltan as alarmas cada vez con maior frecuencia e por diversos motivos, observamos como as fontes, regatos, ríos e encoros cada ano levan menos auga, por mor do descenso acusado das choivas (un 30% menos no último ano), e polos distintos usos e abusos que lles estamos a dar. Xunto a escaseza de recursos hídricos e a contaminación que os humanos provocamos, aparecen outros problemas asociados. A crecente eutrofización (exceso de nutrientes) dos ambientes acuáticos favorece o crecemento masivo de especies capaces de producir potentes toxinas, con graves repercusións para a saúde pública, a sanidade animal e ambiental. É sabido que a acción humana sobre o medio ambiente leva aparellado sempre unha intervención nos ecosistemas que provoca a súa degradación. O risco da contaminación por cianobacterias e as súas toxinas, sen dúbidas, agravarase cos cambios globais do clima, pero moito máis se non poñemos remedios os vertidos que diariamente producimos nas canles, vertidos voluntarios ou involuntarios de diversa procedencia, que están a provocar non só un grave problema ambiental senón de saúde pública para tódolos habitantes desta provincia, sexa pola inoperancia ou pola incompetencia das distintas administracións responsables. Cada día son máis os ríos e os encoros que aparecen contaminados, e non o dicimos nós, dino as autoridades na materia e diversos estudos científicos avalados por prestixiosas universidades. A Deputación Provincial como responsable da xestión dos ciclos da auga en numerosos concellos desta provincia e como administración cooperadora con outros, ten que dar respostas e esixirlles ó resto de administración competentes, Consellería de Medio Ambiente, Confederación Hidrográfica e os propios concellos, solucións que poidan acabar cos vertidos contaminantes nos ríos da provincia. Dende o Grupo Socialista cremos que o recoñecemento desta grave situación polas autoridades sanitarias e a posta en marcha de programas de sensibilización na poboación e nos tomadores de decisión, farán posible previr o seu impacto negativo na saúde humana, animal e ambiental. Por todo o anteriormente exposto o Grupo Socialista propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo: a Deputación Provincial instará á Consellería de Medio Ambiente e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil para realizar estudos en tódolos ríos e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

encoros da provincia para detecta-la presenza ou non de cianobacterias establecendo un programa para o control de floracións. A Deputación Provincial, a través do Servizo de Augas e Medio Ambiente, elaborará un mapa de zonas en alerta por contaminación de cianobacterias, de cara a solucionar-los problemas de vertidos nas canles. A Deputación provincial, no marco das súas competencias esixirá o correcto funcionamento das depuradoras instaladas nos pobos do rural dos distintos concellos da provincia, especialmente as dos plans DAREDO e DEPUTRANS. A Deputación provincial colaborará cos concellos que precisen facer novas captacións de augas, para garanti-la subministración de auga suficiente e de calidade para o abastecemento. Cre que é un tema o suficientemente importante para debatelos. Di que nas comisións informativas ten por norma falar bastante para intentar chegar a acordos, como se falou antes e non actuar con radicalidade. Como reflexión, pregúntase, en relación coa reforma laboral, educativa ou da xustiza, a qué acordos se chegan, xa que moitas veces buscan o acordo cando xa é imposible e senón fan un decretazo e meten a todos no mesmo barco e pasa o que pasa coas administracións públicas. Di que se o Grupo Popular non vota a favor desta moción non tería obxecto presentala.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o 28 de setembro de 2011, o Grupo Provincial do BNG presentaba unha moción relativa á situación dos encoros e ríos da provincia, a que por certo o PP votou en contra, na que se pedía: 1º.- A Deputación, a través do organismo autónomo “Aquaourense”, elaborará un Plan de zonas sensibles, facendo especial fincapé naqueles espazos que son utilizados para a captación de auga para o abastecemento domiciliario. 2º.- A Deputación Provincial, en colaboración cos concellos, prestará a debida atención ós concellos para practicar unha limpeza periódica e eficaz das fosas sépticas, evitando así, ou minimizando no posible, que os vertidos cheguen directamente aos ríos que logo chegan ao encoro, sen depurar. 3º.- Por último demandabamos que, a Deputación Provincial, dentro do programa de cooperación, colaborara no financiamento, xunto co resto de administracións implicadas, na construción de cantas depuradoras foran precisas, para evitar que os elementos contaminantes cheguen ós nosos ríos e encoros. Coincidía a presentación desta moción no tempo coa alerta producida pola contaminación no encoro das Conchas ó rexistrarse nas súas augas unha importantísima concentración de cianobacterias tóxicas de máis de 15.000 colonias por mililitro, conforme coas análises realizadas polo Laboratorio de Xenética da Facultade de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid. En concreto, tratábase da *Microcystis Aeruginosa*, que produce a toxina denominada *Microcystina* que pode provocar serios problemas de saúde. A Confederación Hidrográfica Miño-Sil, de xeito experimental, decidiu proceder á instalación de chans absorbentes e de cortiza de eucalipto en distintas zonas do río Limia. Máis aló desta acción experimental, que demostrou pouca eficacia, como o corrobora o feito de que o encoro das Conchas volveu ter unha elevadísima concentración de cianobacterias hai escasas datas. Como o grupo propoñente da moción non está e non vai decidir, queren facer fincapé en algo que lle ían propoñer ó respecto desta situación, porque veñen de coñecer a existencia dun proxecto promovido por Unión Fenosa para unha central reversible entre os encoros das Conchas e Salas na Baixa Limia. Para o BNG este proxecto é un auténtico despropósito, xa que supón facer un transvase desde unha presa infectada cara un río desde o que se subministra auga potable para o consumo humano e para o regadío, e que é un dos ríos máis limpos de Europa, polo que lle ían pedir ó grupo propoñente que tivese en conta esta emenda para o posicionamento do Pleno en contra deste proxecto promovido por Unión Fenosa.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que polo visto non son os únicos que fan emendas. Dille ó Sr. Gómez Pérez que retiran neste momento a súa emenda se no punto segundo da moción, onde di que a Deputación Provincial, a través do Servizo de Augas e Medio Ambiente, elaborará un mapa de zonas en alerta por contaminación de cianobacterias, para solucionar os problemas de vertidos nas canles, se lle engade que será en colaboración coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, porque moito do que hai que facer xa está feito. Hai un protocolo para tódolos encoros da conca, para os encoros con zonas de baño, para os encoros con tomas de auga para abastecemento (por certo, non sabe de onde sacou o Sr. Rodríguez Puga que no encoro de Salas hai augas de abastecemento), para os encoros con proliferación de cianobacterias e con risco de proliferación de cianobacterias. Nestes protocolos interveñen desde a Universidade de Santiago, a Universidade Autónoma de Madrid, etcétera, e todo isto está na Confederación Hidrográfica. Polo tanto parece de sentido común e de aforro de medios materiais e de todo tipo, que o que está feito non se volva facer. Anuncia que votarían a favor da moción que presenta o Grupo Socialista se inclúen que é en colaboración coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que a súa capacidade de diálogo é moita, pero hoxe non foi así desde un principio. Reitera que quedou no pleno por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

responsabilidade e os acordos que se intenten tomar agora para el non valen e non lle corresponde a el decidir. Se estivese aquí a autora da moción podería decidir se aceptaba ou non aceptaba as propostas que se fan. Pero esta non é a mesma situación que na moción anterior. Neste caso preténdese unha mínima variación, pero na anterior moción pretendíase variar substancialmente, cambiándoa completamente. Lembra que en setembro de 2011 o BNG presentou unha moción á que o Grupo Popular votou en contra, e daquela o portavoz popular dicía que se crearía unha comisión e pregunta cal foi o resultado desa comisión. O portavoz popular é alcalde dun concello afectado por este tipo de problemática e a coñece mellor. Se o día de hoxe se tivese desenvolto doutro xeito, seguramente que a autora da moción aceptaría esta proposta que se lle fai. O espírito da moción era construtivo para que se aprobase por unanimidade, porque é un problema que están a sufrir-lo nosos ríos e as administracións hai que requiririlles que fagan o seu labor. Lembra que se a Confederación está na provincia é grazas a un goberno socialista, e deberíamos aproveitarnos de tela aquí. Pensa que hai que acabar con esta lacra porque senón será a lacra a que acabe cos nosos ríos.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que os datos que ten son correctos. Fixo alusión a un proxecto e pensa que é inadmisíbel que para lograr un incremento do lucro dunha empresa hidroeléctrica, que nada reverte na economía nin no desenvolvemento local, se estenda a contaminación do río Limia ó Salas, que ata o de agora non ten ningún problema destas características. A propia empresa aínda non calculou o impacto que terá a obra en canto á xeración de postos de traballo, e asegura que, na medida do posible, serán asignados a desempregados da zona, e isto é como non dicir nada. A opinión do portavoz do Grupo Popular é pan para hoxe e fama para mañá, porque serían catro anos de movemento de xente, de creación de emprego directo e indirecto que nos tempos que corren non son para desperdiciar, pero despois qué pasaría. Pregúntase se realmente vai haber beneficios a partir de aí, polo que se opoñen claramente a ese proxecto. Para concluír di que non poden consentir asistir ano tras ano como convidados de pedra e este lamentable espectáculo e a Deputación, no seu cometido de cooperación cos concellos, ten que implicarse de xeito decidido na solución deste problema e participar, xunto co resto de administracións implicadas (Consellería de Medio Ambiente, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil) na busca dunha solución definitiva, evitando que no futuro se volvan producir vertidos contaminantes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a emenda de substitución que presentan é o mesmo que se pide na moción do Grupo Socialista pero coa apostila de colaboración da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Se o portavoz socialista acepta esa apostila votarán a favor da moción, senón veranse obrigados a votar en contra da moción e a favor da emenda, que ven se-lo mesmo. Di que o Sr. Rodríguez Puga xa ditou sentenza, algo que acostuman facer cando lles interesa, posto que dá por suposto que o transvase Conchas-Salas xa vai contamina-lo Salas, e pregúntase en que se basea para dicir iso e do único que dispón é dun informe a instancia de parte que todos sabemos como é. Ó final quen dita sentenza son os veciños da Baixa Limia, incluídos os de Muíños, ano tras ano e en cada proceso electoral, ós que se lles pode enganar unha vez, pero non sempre. Dille ó Sr. Rodríguez Puga que lle pregunte ós veciños de alí (agás á camarilla de sempre) se están de acordo ou non. Pensa que hai que ser prudentes e non ditar sentenzas sen probas, porque estar na oposición é máis fácil que gobernar e xogar a gobernar sen ser gobernante trae malas consecuencias. Manifesta que o Sr. Rodríguez Puga nunca irá diante del defendendo os intereses do seu concello (Muíños), en todo caso ó lado, pero diante non.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ou non se explica ben ou non se lle entende. Quen tiña que aceptar ou non calquera emenda non está presente e el xa dixo que non ía votar nada máis neste pleno. Quere apuntar que se se pide respecto é para todos, entón non se lles pode chamar camarilla a algunhas persoas. Continúa dicindo que desde o seu concello (Ribadavia) cando lle tiveron que reclamar á Confederación Hidrográfica publicamente, aínda que gobernaba o Partido Socialista, fixérono, e cando entrou o PP volvérono facer tódolos grupos políticos do concello. Pensa que o principal é saber que temos un problema e o que habería que facer é intentar arranxalo entre todos. Reitera que non pode aceptar ningunha das emendas polos motivos que xa explicou.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do BNG (2) e do deputado presente do Grupo Socialista (1).

A continuación somete a votación a moción presentada polo Grupo Socialista, que resulta rexeitada ó obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2), a abstención do deputado presente do Grupo Socialista (1) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Como consecuencia do anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Consellería de Medio Ambiente e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, para realizar estudos en tódolos ríos e encoros da provincia, para detecta-la presenza ou non de cianobacterias, establecendo un programa para o control de floracións.

2º.- Elaborar, en colaboración coa Confederación Hidrográfica a través do servizo de Augas e Medio Ambiente, un mapa de zonas en alerta por contaminación de cianobacterias, para solucionar os problemas de vertidos nas canles.

3º.- Esixir, no marco das competencias da Deputación Provincial, o correcto funcionamento das depuradoras instaladas nos pobos do rural dos distintos concellos da provincia, especialmente as dos plans Daredo e Deputrans.

4º.- Colaborar cos concellos que precisen facer novas captacións de augas, para garanti-la subministración de auga suficiente e de calidade para o abastecemento.

9º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A PROBLEMÁTICA XURDIDA CO PROXECTO DUNHA CANTEIRA NO MUNICIPIO DE CASTRELO DE MIÑO

Trala ratificación previa da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, en relación co punto anterior, solicita que o Sr. Álvarez Dobaño pida desculpas por chamarlle camarilla a un grupo de xente que non pensa como el, porque lle parece algo grave.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non ten ningún tipo de inconveniente en quita-la palabra camarilla, pero pensa que aquí hai profesores e as palabras son interpretables e non sabe onde está o mal soante de todo isto, pero en todo caso retira a palabra.

Continúa o **Sr. Iglesias Pérez**, agradecendo o xesto do Sr. Álvarez Dobaño e a continuación dálle lectura á moción, co seguinte contido: *O Consello da Xunta, cun goberno en funcións, ven de declara-la incidencia supramunicipal, o pasado 20 de setembro, do proxecto sectorial de actividades extractivas, o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da concesión de explotación Santa Lucía número 4875.1, no concello de Castrelo de Miño. Desde o grupo provincial do BNG entendemos que ese acordo vulnera: as normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial, que declara como espazo especialmente protexido esa zona das “Ribeiras do Miño”, tendo en*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

conta que unha actividade extractiva non se pode localizar nun espazo natural especialmente protexido. Vulnera tamén o acordo do Consello da Xunta ás normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial así como as directrices marcadas ó Concello de Castrelo pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do 17 de marzo de 2009, establecidas no informe previo á aprobación inicial do seu PXOM. A declaración de interese público de carácter supramunicipal da actividade extractiva non se cingue a ningún dos supostos contemplados no artigo 22 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e artigo 4 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, xa que, tanto polo volume de postos de traballo a xerar, como polas cifras de investimento do proxecto non se xustifica o seu carácter de supramunicipalidade, nin tan sequera afecta a varios termos municipais, negando que a dita actividade puntual e anecdótica contribúa ó desenvolvemento económico de Galicia. Tendo en conta ademais que a dita actividade pon en grave risco a principal actividade económica do concello de Castrelo de Miño, que é o maior produtor vitícola da denominación de orixe Ribeiro. A día de hoxe conta con máis de 900 viticultores que traballan máis de 500 Has de viñado, 6 adegas industriais e 18 adegas de colleiteiro, que converten a vitivinicultura no principal e destacado motor económico deste municipio, cun volume de negocio medio superior ós 6.000.000 de euros anuais, e que esta actividade extractiva, incompatible coa viticultura, poría en grave risco, afectando á maior parte dos veciños do concello. Tendo en conta que no pleno de Castrelo, ven de producirse un acordo unánime dos grupos en contra da canteira, pídenlle ó Pleno da corporación a aprobación do seguinte acordo: 1º.- A Corporación Provincial, sumándose ó acordo plenario aprobado pola corporación do concello de Castrelo, insta á Consellaría á que proceda á anulación do acordo de iniciación do procedemento para a aprobación do plan sectorial de actividades extractivas relativas á concesión de explotación n.º 4875.1 “Santa Lucía”, sita no Concello de Castrelo de Miño. 2º.- En todo caso, a Deputación, a través dos seus servizos xurídicos, presentará alegacións ó proxecto sectorial de actividades extractivas, o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da concesión de explotación Santa Lucía n.º 4875.1, no concello de Castrelo de Miño.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que esta moción é un dos temas polos que se quedou no Pleno, porque xunto co Sr. Montero Fernández é un dos deputados da Comarca do Ribeiro. Aínda que non vai vota-la moción, apoia ó BNG nesta iniciativa. Dá moito que pensar que o PP, cun goberno en funcións na Xunta de Galicia, cambie a clasificación do solo que non permite dar licenza para este tipo de actividade e por iso vai por unha vía de carácter supramunicipal. Sabe moi ben de quen sae todo isto e por qué (xa ven de 2009) e poderíamos dicir que o concello puido andar un pouco máis áxil tendo en conta con quen se xogaba os cartos, uns expertos que chegan en determinado momento no que pensan que ninguén se vai informar e senón despois se retiran (igual que fan con outros como o da incineradora), que é a forma que acostuma a utiliza-lo PP. Anuncia que desde o seu concello (Ribadavia) van pedir (aínda que nun proxecto supramunicipal a lei non o recolle) todo o expediente e axudar ó concello en todo o que faga falta, xa que tamén lles afecta directamente. Pensa que contra a vontade dun pobo enteiro non vai ninguén e non se explica como os concelleiros do PP do concello non dispoñían da información pertinente. Os tres grupos políticos do concello están de acordo en que ese proxecto non vaia adiante. A explotación que se pretende está a un quilómetro e medio, en liña recta, dun colexio público, e tense pensado utilizar pólvora de mina e goma dous. Espera que o Grupo Popular apoie a moción e que non presenten ningunha emenda. O prazo de alegacións xa rematou, pero esta iniciativa pode ir como unha reivindicación porque este proceso vai para longo, e entre todos debemos intentar para-lo que non ten sentido, entre outras cousas (algo que non é significativo) o número de postos de traballo que se podería xerar son entre 5 e 12, e iso non xustifica destruír unha zona vitivinícola como Castrelo de Miño, que é un dos motores da viticultura na comarca. Reitera que o Concello de Castrelo de Miño vai te-lo apoio do Concello de Ribadavia para o que faga falta.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que el actúa no nome do seu grupo e non de xeito individual. O seu grupo está totalmente de acordo coa filosofía da moción, pero (parafraseando ó Sr. Aznar) é un brinde ó sol e querer quedar ben coa xente, porque o procedemento é regulado e ten os seus prazos. Neste momento o apartado segundo da moción non serve para nada, porque o prazo de presentación de alegacións rematou no día de onte; e pedi-la anulación do acordo tamén ten o seu momento procedimental. O grupo de goberno, co seu presidente á fronte, están ó lado dos veciños e do concello se lle solicitan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

axuda, que por certo, no acordo que adoptou por unanimidade, non se dirixiu para nada á Deputación. Está en condicións de oferta-la asistencia xurídica e técnica, e incluso política, nos momentos procedimentais polos que vai pasar esta actividade que acaba de empezar se o concello así o solicita. A Deputación non ten intereses particulares no asunto, agás os intereses dos veciños, pero o concello ten autonomía, esa autonomía que se invoca tantas veces. Se o concello adopta un acordo solicitándolle axuda á Deputación aí estará, e cre que queda suficientemente clara a postura do seu grupo.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que deste tema xa se falou nas comisións informativas do día 22 e a moción presentouse en tempo. Poden entender que o punto relativo ás alegacións, tendo en conta que xa rematou o prazo, estea fóra de lugar, pero no tocante ó primeiro punto é certo que o concello puido incluír ese apartado no seu acordo plenario, pero é agora cando o está solicitando o BNG e se están de acordo pódeno votar perfectamente. Fai a proposta de elimina-lo punto segundo da moción e que quede só co primeiro e así deixará de ser un brinde ó sol.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que aínda non sabe cal é o sentido do voto do Grupo Popular. Independentemente de que o concello non lle pedise axuda á Deputación, é verdade que este tema xa se tratou nas comisións e tiveron tempo suficiente para falar del e adoptar outro tipo de actitude. Chámalle a atención que se diga que a Deputación non ten intereses particulares e a Deputación é a institución que representa a tódolos veciños da provincia. Está de acordo en que o proceso acaba de comezar e hai que respecta-los prazos, pero reitera que non lle gusta, e que lle dá que pensar, que se fagan este tipo de cuestións cun goberno en funcións, porque máis ben parece unha argucia. Tamén pensa que os procesos nos poden levar a que despois a teñamos que comer con patacas, aínda que pensa que contra a vontade de todo un pobo non se pode ir. Manifesta que todos sabían ben a problemática que existía e aprobar esta moción non é un brinde ó sol, senón que é dicirlle non a quen fixo o que fixo pola porta de atrás. Aquí non se trata de acatar só o que poñen os papeis, senón que é a vontade da xente e hai que respectala. Brinde ó sol é intentar dálle-la volta ás mocións que traen outros con moito contido. Para rematar dille ó Sr. presidente que igual que se lle chamou a el a atención por utiliza-la palabra hooligan se lle chame a atención a quen llo chamou hoxe a el, se se entende que é un insulto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que a diferenza é que o Sr. Gómez Pérez mantivo a palabra hooligan e o Sr. Álvarez Dobaño retirou a palabra camarilla.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, non quería entrar neste tipo de cuestións, pero como o Sr. Gómez Pérez reitera o de goberno en funcións, di que non quere lembra-las decisións que se tomaron en determinado goberno en funcións. En canto a que non se teñen intereses particulares, di que a Deputación sempre foi respectuosa ó máximo coa autonomía municipal, e os intereses de Castrelo de Miño tenos que defende-la súa corporación co alcalde á fronte. A moción que se presentou no Concello foi do 22 de novembro e a que presentou aquí o BNG é do día 26, así que andaron un pouco lentos, porque o prazo rematou onte. Reitera que os prazos na administración están para cumprilos e aínda que se retire o punto dous da moción seguiría sendo un brindado ó sol. Esta moción só serve para facer oportunismo porque non se pode face-lo que se pide no punto primeiro, xa que hai unhas garantías procedimentais. Se isto foi a instancia de parte (non é quen para dicir se está ben ou mal, xa o dirá o devir do procedemento) haberá que constituírse en parte cando proceda e non extemporaneamente, que é o que é esta moción, extemporánea e un brindado á galería. Non serve para nada que se aprobe o que se pide na moción. Reitera que o Grupo Popular, co seu presidente á fronte, estará no procedemento e así o demostrará, e está a disposición do concello se o pide (cousa que non fixo) e incluso dos veciños. O seu grupo vai votar en contra da moción pero non porque estean en contra do que se di nela, senón porque non serve para nada aprobala. Para finalizar di que xa está ben de oportunismo.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, independentemente do que expuxo o Sr. Álvarez Dobaño, pregúntase se estamos a favor dos veciños de Castrelo ou estamos a favor dunha explotación que é claramente prexudicial para o concello e para a comarca. A moción foi presentada en prazo, e acepta que non se estea de acordo co punto segundo porque non ten obxecto, pero poden estar de acordo co punto primeiro, que se refire a que esa canteira non pode estar localizada nese lugar. Pregunta de qué parte están, porque non o deixaron claro. Anuncia que se o Grupo Popular non acepta a proposta de retirar-lo punto dous e votar a favor da moción, deixan a moción tal e como se presentou.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG tal e como foi presentada, e ó obter-lo voto favorable dos deputados do BNG (2), o voto en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención do deputado presente do Grupo Socialista (1), a moción queda rexeitada.

Unha parte do público asistente, identificados como veciños de Castrelo de Miño afectados polo proxecto de explotación da canteira, manifesta a súa desconformidade co feito de que non se aprobase a moción, interrompéndose o normal desenvolvemento da sesión durante uns minutos, que se prosegue unha vez que abandonan voluntariamente o salón de sesións.

10º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE AGOSTO DE 2012 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE MARZO, 2º DE ABRIL, 2º DE XUÑO E 1º DE XULLO DE 2012, ASÍ COMO DUN DECRETO DE NOMEAMENTO DE MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de agosto de 2012 e dos seguintes adicionais: 1º de marzo, 2º de abril, 2º de xuño e 1º de xullo de 2012, así como dun decreto de nomeamento de membro da Xunta de Goberno.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

11º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE AGOSTO DE 2012 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE ABRIL, 2º DE XUÑO E 1º DE XULLO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de agosto de 2012 e dos seguintes adicionais: 2º de abril, 2º de xuño e 1º de xullo de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

12º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Trala declaración da súa urxencia, tratouse a seguinte moción:

12ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CONTRA O PECHE DE OFICINAS DE NOVAGALICIA BANCO E DE APOIO ÓS SEUS TRABALLADORES.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda a urxencia da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en relación co punto 9º da orde do día, di que non entende a postura do Grupo Popular, xa que os concelleiros do PP de Castrelo votaron a favor. No sabe se podía presenta-la moción ou non, porque pensou que tería que vota-la urxencia; tampouco sabe se o procedemento é que primeiro a explique e despois se vote a urxencia.

Intervén **o Sr. presidente** para dicir que agora se está a debate-la urxencia da moción.

O **Sr. Gómez Pérez** dille ó presidente que está nas súas mans, porque el non vai votar.

O **Sr. presidente** preguntalle se retira a moción ou se di que é urxente.

O **Sr. Gómez Pérez** di que non retira a moción e que desde logo é urxente.

O **Sr. Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que eles cren que é urxente que se debata esta moción.

O **Sr. Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que eles tamén cren que é urxente o debate da moción.

A continuación ó **Sr. presidente** dálle a palabra ó portavoz socialista para a defensa da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que en tódalas situacións non se foi respectuoso, porque a primeira vez que se rompeu a norma de acepta-la urxencia das mocións, foi cunha moción que presentou o seu grupo. Parécelle moi sinxelo defender esta moción, porque os propios alcaldes do PP xa a están defendendo nos concellos, ademais, se cada un trae o argumentario do seu partido poderíamos botar horas debatendo. Supón que todos estarán de acordo con que o que está acontecendo con Novagalicia Banco é intolerable. En relación coa fusión das caixas, cada grupo tiña a súa posición e o seu grupo xa a manifestou no seu día, pero o que xa está feito non ten volta, e daquela botouse xa a moita xente. Non chegando con iso, agora din que van pechar máis oficinas bancarias no rural, que en moitos casos afecta á xente maior e isto non podemos permitilo. Cre que en Chadrexa de Queixa xa se tomou un acordo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

neste sentido. Van pechar moitas oficinas se non paramos isto, que é o único que nos queda. Estanse atacando as escolas públicas, os centros de saúde, e agora tamén se pechan oficinas bancarias, se seguimos así o último que apague a luz. Estanse socializando as perdas das entidades bancarias e isto podería ter sentido se as temos que rescatar, pero aínda por riba de rescatalas agora déixannos sen un servizo público, que para iso naceron as caixas. No seu momento defendeuse a Caixa Ourense, porque era un bo instrumento. O Grupo Socialista propón os seguintes acordos:

Instar a Novagalicia Banco a que reconsidere a súa postura de pechar oficinas no rural e as volva abrir para darlle servizo á cidadanía. Instar a Novagalicia Banco para que non realice máis despedimentos de traballadores. Instar á Xunta de Galicia para que presione ante Novagalicia Banco para que corrixa este tipo de políticas. Instar ós concellos afectados a que tomen as mesmas medidas que o pleno da Deputación. Rachar calquera tipo de relación, retirando as contas bancarias que esta Deputación de Ourense teña en Novagalicia Banco se non ten en conta estes acordos, no prazo de tres meses. Pensa que este último acordo é moi importante e está na man do grupo de goberno, e non só sería unha forma de axudar á provincia senón que axudarían ós seus propios alcaldes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que non se pode entender de forma illada o que está a acontecer, se non facemos un breve repaso polas cuestións máis salientables que se teñen producido no sector político e financeiro en xeral e no galego en particular. En xuño de 2009, aprobábanse, tralo consenso previo do PSOE-PP, as normas reguladoras do FROB, plan que contou co rexeitamento de todos os demais partidos. O que perseguía o FROB era a concentración das caixas: diminuír sensibelmente o seu número, coa conseguinte redución do cadro de persoal, a súa desterritorialización, a conculcación das competencias autonómicas e, como perspectiva final, a bancarización destas entidades crediticias. Mentres iso estaba a acontecer, en Galicia, Feijóo limitouse a ollar cara outro lado, non exercendo as súas competencias, é dicir, non presentando de vez o recurso de inconstitucionalidade contra o FROB. O resto do proceso xa o coñecemos. A fusión de Caixa Galicia e Caixanova acabou fraguando en Novacaixagalicia, que é a que deu orixe ao actual banco, que ten un 7% do capital, un 90% do Estado, a través do FROB, e o resto investidores galegos, que din que foron enganados e que agora reclaman que lles devolvan o diñeiro. Iso si, os anteriores directivos non saíron de baleiro, senón que o fixeron cunhas blindaxes, de preto de 30 millóns de euros, que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

producen rabia, indignación e sorpresa por canto e non se sabe cantas máis cousas. En todo este tempo, apenas 1 ano, o proceso de reorganización foi espectacular. Crearon o seu propio Banco “malo”, EVOBANC, que se presta para o chiste, pecháronse 307 oficinas e recortaron o cadro de persoal en 2100 traballadores/as. A Comisión Europea ven de impor unha redución de tamaño de máis do 60% á banca intervida (Bankia, Catalunya Caixa, Novagalicia Banco e Banco de Valencia) de aquí a 2017. Esta é a condición que esixe Bruxelas para autorizar un novo rescate á banca, cunha inxección de capital de 37.000 millóns de euros co fin de garanti-la súa viabilidade. Polo que se refire a Novagalicia Banco, recibirá 5425 millóns de euros e a cambio deberá reduci-lo seu tamaño, é dicir reduci-lo seu cadro de persoal e ser privatizada antes de cinco anos, co horizonte de decembro de 2017. As condicións impostas por Bruxelas, froito do pacto PP-Comisión Europea, supoñen de facto a crónica de un asasinato do sistema financeiro galego. As condicións do rescate, sendo leoninas para todos, son diferentes para uns que para outros, establecendo diferentes horizontes, e mentres Bankia poderá seguir como entidade bancaria, Novagalicia Banco será vendida ou liquidada. O léxico é o léxico e ten o seu significado.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que este é un tema moi importante para o rural. O Partido Popular é plenamente consciente da singularidade e das características poboacionais e demográficas dos concellos de Galicia e coincide firmemente na necesidade de evita-la exclusión financeira do rural galego, e nomeadamente dos segmentos poboacionais de maior idade, que non teñen costume de acceder a outros tipos de banca e ten depositada a súa confianza a quen ten ó lado da casa. Debe lembrarse que nin para a Xunta de Galicia nin para a Deputación Provincial nin para os concellos hai ningunha posibilidade de obrigar a Novagalicia Banco a que tome determinadas decisións. É innegable a importancia que para moitas localidades ten o mantemento das oficinas bancarias, xa que moitos concellos quedarían sen ningún servizo e os efectos do peche das oficinas levaría consigo graves prexuízos, como a despoboación do noso rural. Cónstalles que a Xunta de Galicia, dentro do seu ámbito competencial, dirixirase a Novagalicia Banco na liña de que os efectos das medidas para implantar xeren o menor número de peches de oficinas posible, así como que as medidas para adoptar sexan adecuadas para garanti-la eficacia e eficiencia da entidade, minimizando os posibles prexuízos que se puidesen xerar. Quere que quede claro que non teñen nada que obxectar ós exemplos de mala praxe e erros na antiga dirección das entidades que deron orixe a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

Novagalicia Banco. O Partido Popular de Galicia foi o primeiro en pronunciarse sobre a xestión arriscada e dubidosa que se levou a cabo por parte da dirección das entidades. Evidencia do interese en coñece-la verdade, o constitúe o feito de que foi o grupo parlamentario Popular quen registrou unha iniciativa para a constitución dunha comisión de investigación parlamentaria, que arrancará cando comece o período de sesións da presente lexislatura, e que terá por obxectivo indaga-las posibles responsabilidades nas que se tivese podido incorrer por parte dos membros do antigo equipo directivo. A recente decisión da Comisión Europea pode ser dolorosa, pero é clara e contundente. Para que Novagalicia Banco teña acceso ós fondos públicos ten que tomar determinadas decisións. Na moción que presenta o Grupo Socialista esquecéronse de quen toma as decisión e de quen marca o paso. Esta entidade ten que volver ós seus orixes e ser unha entidade que traballe preto das familias, das pequenas e medianas empresas e do territorio no que operan. O grupo de goberno entende que este banco próximo, achegado ás necesidades das familias, que financie e apoie ás PEMES, é o conveniente para Galicia. Coinciden coa maior parte da moción, pero hai algún punto co que non están, por iso propoñen a seguinte emenda de substitución: a Deputación acorda: 1º.- Dirixirse a Novagalicia Banco para que na aplicación do Plan de reestruturación aprobado pola Comisión Europea, se teña en conta a necesidade de non excluír á poboación ourensá residente no rural, dos servizos financeiros, así como de minimiza-los efectos sobre o emprego na propia entidade. 2º.- Instar á Xunta de Galicia para que se dirixa ós máximos responsables de Novagalicia Banco co obxectivo de que sexa tida en conta a singularidade xeográfica e poboacional do rural ourensán no tocante ó eventual peche das oficinas. 3º.- Instar á Xunta de Galicia para amosar compromiso e apoio ó persoal de Novagalicia Banco, e a dirixirse ós responsables da entidade, para procura-lo mantemento do maior número posible de postos de traballo. 4º.- Instar ó comisario europeo de competencia para que teña en conta estas reivindicacións.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que se trata de que dunha vez por todas se comprometan con algo. Nesta Deputación ou se chega cedo ou se chega tarde coas mocións. Todos coñecen a súa actitude hoxe no pleno e non vai votar, polo que por el poden presenta-las emendas que queiran que son as que se aproban. Na emenda dise compromiso e apoio ós traballadores e iso é como non dicir nada, porque o que hai que facer é buscar solucións para que esas entidades bancarias se comprometan a non pecha-las oficinas. Pregunta se o grupo de goberno está de acordo ou non en que se pechen as oficinas, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

pregúntalle ó Sr. presidente se pensa facer algo como representante de provincia ou isto vai quedar como un acordo de intencións e como un brindado ó sol. Dubida de que non se lle poida dicir a unha entidade bancaria o que ten que facer, porque todos sabemos en mans de quen está. Unha forma de presionar é dicir que se lle retirarán as contas. No seu concello (Ribadavia) Novacaixagalicia Banco comprometeuse a non facer ningún desafiuzamento ata que cambie a lei e tomaron esa decisión por unha ameaza que se lle fixo desde o concello, que non ten a capacidade económica que ten a Deputación, pero se van pechar oficinas non ten obxecto comprometerse neses lugares. Con isto quere dicir que as formas de presión son moitas se se queren utilizar. O propio Almunia dixo que estaba nas mans dos gobernos esixir. Reitera que todos sabemos a posición que tivo cada un na fusión das caixas e se os gobernos non exercen a súa capacidade de gobernar non sabe que pintan todos aquí.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que as consecuencias sociais e laborais do rescate son enormes: en primeiro lugar será o conxunto da cidadanía a que teña que asumir a mala xestión dos directivos das Caixas Galegas, é dicir, socialización das perdas e capitalización e privatización das ganancias, das que se farán cargo os futuros accionistas da entidade que compre Novagalicia Banco, porque Galicia vai perder a súa entidade financeira. Para levar a cabo a súa redución de tamaño, as entidades intervidas deberán proceder a unha drástica redución de persoal (en Novagalicia fálase de 2500 empregos, que habería que sumar ós máis de 2000 que se reduciron logo da fusión de Caixa Galicia e Caixanova), pechando oficinas, e condenando ó rural galego á desaparición. NGB está presente en solitario en 86 concellos do rural, favorecendo a inserción financeira dunha parte importante da poboación, de modo especial da máis envellecida. O fío deste rescate moitas oficinas van ser pechadas (fálase de 213 oficinas) atendendo a exclusivos criterios de rendibilidade, pensando no futuro comprador, que será un gran banco, polo tanto outra das consecuencias deste rescate non deixa de ser un paradoxo: unha parte importante da sociedade galega, que paga o rescate cos seus impostos, vai ser ver privada de servizos financeiros e tamén, por suposto, producirá consecuencias sociais. A obra social das caixas de aforro era a maior investidora en materia social e cultural en Galicia despois das administracións públicas. Neste momento a caixa de aforros vai perder a súa participación accionarial no banco con todo este proceso de recapitalización, polo que esta desaparición vai ter consecuencias graves para o conxunto da cidadanía. Ós pequenos aforradores/as estafados polas preferentes e subordinadas, endosándolle

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

unha factura que se cifra en torno ós 10.000 millóns de euros, que o goberno español deberá concretar en termos de quita (Bankia está a falar dunha quita do 39%). Iso si, o proceso farase mediante o troco por accións, unha vez recapitalizado o banco. Mentres, paradoxais da vida, os exdirectivos de Novacaixagalicia, que aínda andan pola rúa, ofrecen as pólizas do que roubaron como fianza, coa finalidade de facer fronte ás responsabilidades civís polo caso das prexubilacións millonarias. Galiza perde unha entidade que representa o 10% do PIB froito dun rescate bancario mal negociado por parte do goberno do PP. Desgraciadamente, o presidente Feijoo, só amosou a súa preocupación polos seus amigos, que pode que perdan unha parte do seu capital, invertido conscientemente. O resto, os miles de estafados e estafadas que se arranxen como poidan. Este é o país, nin Valle Inclán daría escrito unha obra esperpéntica deste calibre.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, quere que quede claro que o grupo de goberno está en contra de que se pechen oficinas no rural e de que se despida ós traballadores e isto non quere dicir que poñan as gafas do revés. O que dixo o Sr. Almunia como comisario da competencia non nos pode pecha-los ollos porque sería ser inconscientes e non volver ós brindes ó sol como antes e intentar manipular á xente. Na moción do Grupo Socialista pídese instar a Novagalicia Banco para que non realice máis despedimentos dos traballadores e o Grupo Popular di case o mesmo. En canto a instar ós concellos, di que quen ten que instar á Deputación son eles e en canto a racha-las relacións e retira-las contas bancarias, manifesta que primeiro hai que sabe-lo que hai e como está e que posibles consecuencias podería traer consigo para as arcas da Deputación. Os caprichos son só para a galería. O grupo de goberno vai votar en contra da moción do Grupo Socialista e a favor da emenda do Grupo Popular, aínda que coincidan en máis do 80% coa moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que hoxe vai marchar pensando que ó final tiñan razón. Todo isto foi unha manobra política para desvirtuar completamente o debate das mocións. Noutras circunstancias seguramente que o seu grupo tería aceptado a emenda ó ser presentada por urxencia. Todos saben que o seu enfado do principio se debeu a que se rompeu un acordo verbal que había nesta Corporación e está farto de que sempre os rompan os mesmos, e como o grupo de goberno ten a maioría é a que decide.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo Grupo Popular, que resulta aprobada cos votos favorables dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do BNG (2) e do deputado presente do Grupo Socialista (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que resulta rexeitada ó obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención do deputado presente do Grupo Socialista (1).

Como consecuencia do anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Dirixirse a Novagalicia Banco para que na aplicación do Plan de reestruturación aprobado pola Comisión Europea, se teña en conta a necesidade de non excluír á poboación ourensá residente no rural, dos servizos financeiros, así como de minimiza-los efectos sobre o emprego na propia entidade.

2º.- Instar á Xunta de Galicia para que se dirixa ós máximos responsables de Novagalicia Banco co obxectivo de que sexa tida en conta a singularidade xeográfica e poboacional do rural ourensán no tocante ó eventual peche das oficinas.

3º.- Instar á Xunta de Galicia para amosar compromiso e apoio ó persoal de Novagalicia Banco, e a dirixirse ós responsables da entidade, para procura-lo mantemento do maior número posible de postos de traballo.

4º.- Instar ó comisario europeo de competencia para que teña en conta estas reivindicacións.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, pregúntalle á Presidencia se se vai acometer ou está previsto acometer un expediente de regulación de emprego na Deputación, e se hai un número de posibles afectados/as.

O Sr. presidente responde que non pode garantir nada.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, fai un rogo en relación cunha listaxe que lle amosaron con nomes de persoas que foron á esta última folga, e non sabe se podería haber unha vulneración da Lei de protección de datos, agás que con isto se persiga algún tipo de obxectivo, como por exemplo sinalar quen vai a folga nunha listaxe e quen se acolle o dereito de ir a folga. Roga que, podendo ser, iso sexa persoal e non facer unha listaxe que pulule por tódolos sitios, porque é un dereito individual que exerce cadaquén

O Sr. presidente manifesta que toma nota do rogo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2012
--

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que é de todos coñecido que hai uns meses o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cuestionaba o procedemento da oferta de emprego público deste ente, porque non respectaba a porcentaxe mínima esixida na reserva para discapacitados. Entenden que a Deputación novamente a está obviando e solicitan un informe xurídico que xustifique porqué a decisión desta Deputación é contraria a esa sentenza.

O Sr. presidente responde que toma nota da súa solicitude de informe xurídico e dille que se actuou nesa decisión da Deputación de conformidade coa legalidade absolutamente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ía facer unha pregunta no mesmo sentido que fixo o Sr. Iglesias Pérez. Non sabe se os seus compañeiros tiñan algunha pregunta que facer e lembra que se lle pasou unha pregunta escrita á Presidencia sobre unha estrada de Vilardevós.

O Sr. presidente di que esta pregunta xa está respondida e que a día de hoxe tódalas preguntas formuladas polo seu grupo están respondidas.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, dado que non ten ningunha información por parte dos servizos de comunicación desta Deputación en relación coa escoita da gravación do Pleno no que se facía alusión á unha intervención súa, pregúntalle á Presidencia como quedou ese asunto.

O Sr. presidente dille que esa audición se fixo o luns na xunta de portavoces e o voceiro do grupo socialista mantén a posición que desde un primeiro momento fixo pública.

E, ás 14:50 horas do citado día trinta de novembro do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,